CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	É quen de situar no tempo e no espazo a evolución das formas políticas e o mapa da República romana primeiro e despois do Imperio romano, así como as obras artísticas máis representativas de Roma		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É quen de facer mapas conceptuais sobre o contido do tema	TI	45
CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Análise de textos coetáneos aos feitos estudados e textos historiográficos para que o alumnado constrúa por si mesmo o contido relevante do tema		
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	É quen de explicar a sociedade romana, as causas da escravitude, o papel que xogaron os escravos no sostemento da economía romana		
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Analizar a funcionalidade de moitos vestixios que nos achegan os arqueólogos como demostración do interese do Estado romano na participación da cidadanía nos espectáculos públicos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Presentar os principais restos arqueolóxicos romanos máis próximos ao alumnado para que tome conciencia da necesidade de conservalos. Realiza unha tarefa sobre o campamento de Aquis Querquennis como exemplo da ocupación do territorio por parte de Roma		
CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.	Estuda con atención o caso de Pompeya como exemplo dunha cidade desenvolvida da Antiga Roma. O alumnado será quen de descubrir o estilo de vida romano e a oferta de lecer que Roma ofrecía a cidadanía		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións. - España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O sistema de traballo na materia será o seguinte:

De inicio, visualización dun vídeo que trate aspectos importantes do tema que máis tarde veremos nas clases seguintes. De ese vídeo extraeremos ideas que logo serán profundizadas de diversas formas. Deste xeito podemos comprobar o grao de coñecemento e interese que ten o alumnado sobre tema.

Lectura dos contidos do libro dixital coas súas actividades interactivas para repasar os aspectos máis importantes de cada apartado.

Elaboración dun glosario e realización dun cuestionario con preguntas básicas que impliquen un razoamento sobre o tratado en clase. Todas as correccións serán realizadas en clase en gran grupo.

Elaboración dun esquema- guión de cada apartado. Ao comezo será o profesor quen modelará a confección do esquema, pero máis adiante o alumnado deberá gañar autonomía á hora de elaborar un mapa conceptual dos contidos.

Ao comezo de cada clase farase un repaso do máis importante do día anterior.

A dinámica das clases implicará un constante feedback por parte do profesor e os seus alumnos.

De cada tema faremos un control e unha actividade de aplicación.

Estas actividades de aplicación que poden ser realizadas de forma individual ou en pequeno grupo deberán ser expostas ante o resto da clase para establecer un diálogo que permita a comprensión dos contidos.

O emprego de mecanismos procedentes da aprendizaxe cooperativa permitirá un maior dinamismo na marcha da clase. A formulación de interrogantes, debates, recreación de feitos, ... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

O uso de estratexias para traballar a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade son básicas para establecer unha correcta avaliación

A organización dos saberes de historia, a súa programación e secuenciación van ser abordado desde unha perspectiva transversal a través da serie de temas propostos na nova normativa, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Neste sentido o traballo por proxectos cobra moita importancia procurando que o alumno perciba a aprendizaxe como algo global e relacionado

En xeografía, o interese aumentará ao ver a aplicación das aprendizaxes, polo tanto, é conveniente contextualizalas e conectalas cos problemas actuais e retos do presente, dende unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, xa que facilita dotar aos contidos de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado e permite crear escenarios diversos nos que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais para ir propiciando que vaian participando e comprometéndose coa contorna e a comunidade.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
A plataforma edixgal como lugar esencial de traballo
O libro dixital
Caderno do alumnado como lugar onde plasmar o avance na comprensión dos contidos
A lectura de novas, extraídas dos xornais, relacionadas cos contidos dos temas como indicador da actualidade do que están a aprender
Vídeos educativos relacionados cos contidos dos temas

A nosa materia en 1º da ESO está incluída na plataforma EDIXGAL polo que a necesidade do enfoque dixital é unha obriga. Debemos ofrecer unha información ordenada para que o alumnado non se perda e saiba en todo momento onde está a información e as actividades para lograr unha formación autónoma. O libro dixital vai ser complementado

por unha serie de recursos propios maquetados con EXELEARNING que será onde o alumnado deberá traballar todos os días.

Na plataforma imos ter recursos e actividades como tarefas ou cuestionarios que permitan ao alumnado aprender en clase e continuar a súa aprendizaxe na casa de forma autónoma.

O libro de texto dixital é un recurso de consulta máis. As actividades ofrecidas polas editorais van ser un material complementario que permitirá ao alumnado certificar a súa comprensión, pero que en ningún caso será o centro do seu traballo diario.

O alumnado requerirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e boa presentación. Dito caderno ou cartafol será unha mostra máis do traballo do alumno e do seu progreso.

A lectura dos xornais son unha parte fundamental do noso traballo en áreas como xeografía. O alumnado aprende novo vocabulario, aprende a ver unha redacción ben estruturada da información, aprende a relacionar o contido co estudado na clase e achégase ás fontes de información que garanten un mínimo de credibilidade evitando un uso de internet sen criterio.

Como dicíamos no capítulo anterior todos os temas imos iniciais cun vídeo educativo, breve, que poida dar pé a un debate en clase e que nos permita saber que saben sobre cada un dos temas, a modo de avaliación inicial.

Un uso responsable de internet para aprender a buscar a información en portais de credibilidade garantida e aprender a identificar o mundo fake que hai na rede.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial que permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula.

Dita avaliación inicial consistirá nun texto no que se expón unha información extraída dunha revista de divulgación científica que fale sobre un tema moi coñecido, (ciclo da auga, os bosques, o cambio climático....). O alumnado debe demostrar unha comprensión lectora respondendo a unhas cuestións inferidas da información contida no artigo. Ademais deberá crear un esquema do contido lido que demostra a súa capacidade de síntese. Despois desa fase individual estableceremos un diálogo xeral en clase sobre o tema para ver quen participa, quen é máis tímido, quen ten máis dificultades para contestar a aspectos colaterais do tema, quen ten destrezas orais e quen non.

Así mesmo é preciso unha pescuda dos coñecementos previos ao comezo de cada Unidade Didáctica. Consistirá no visionado dun vídeo relacionado co tema onde o alumnado poderá preguntar curiosidades e confrontar a información aportada co que previamente sabían.

Estas probas iniciais non teñen peso na avaliación final. Só pretenden saber as ideas previas do alumnado, as súas dificultades e a súa predisposición a determinados temas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	12	10	12	10	12	10	12	12	100
Proba escrita	60	60	60	60	60	65	70	60	55	61
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	35	30	40	45	39

Criterios de cualificación:

A nota da avaliación= $(\text{Media Ex.} \times 60) + (\text{Media rúbricas T.I.} \times 40) / 100$.

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

As probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato: Definir termos, desenvolver respostas a preguntas de causa - efecto, de inferencia e de resposta curta, preguntas formuladas tipo test e, finalmente, un bloque práctico onde o alumnado deberá comentar unha imaxe de arte, un mapa ou un gráfico. O valor das preguntas será especificado na propia proba. A cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

A táboa de indicadores afectará as tarefas e aspectos procedimentais: informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; pósters; exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregarase as rúbricas adaptadas a cada tarefa.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de: $\text{Nota final} = [(\text{Nota } 1^{\text{a}} \text{ aval.} \times 33) + (\text{Nota } 2^{\text{a}} \text{ aval.} \times 34) + (\text{Nota } 3^{\text{a}} \text{ aval.} \times 33)] / 100$.

Debido a eliminación da avaliación final o Departamento acorda realizar a última proba escrita da terceira avaliación a principios de xuño para poder contar cun prazo suficiente de tempo para poder facer unha proba de recuperación ao alumnado que non supere esta terceira avaliación ou cuxa media das tres avaliacións non sexa positiva. Nese lapso de tempo o alumnado con avaliación positiva realizará actividades de afondamento e/ou ampliación da materia. No caso do alumnado pendente aquel que non supere a materia por parciais e tampouco supere a proba final terá que presentarse a unha última proba de recuperación co grupo da materia de referencia e na mesma data.

Criterios de recuperación:

O plan de recuperación consistirá na elaboración dunhas fichas de reforzo con diferentes propostas de tarefas competenciais sobre os temas traballados nas unidades da avaliación xunto coa preparación dunha serie de preguntas exame sobre ditos contidos. O docente titorizará este traballo para resolver dúbidas e corrixir aqueles aspectos que sexan precisos.

Farase unha proba escrita de recuperación por trimestre sobre as preguntas propostas polo docente e que foron previamente traballadas polo/a alumno/a que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor). En relación á parte práctica este deberá ser entregado no prazo indicado e será puntuado. Para calcular a nota da recuperación considerase o 50% das probas escritas e o 50% dos traballos e será o resultado de: $\text{Nota recuperación da avaliación non superada} = [(\text{Nota Ex.} + \text{Media rúbricas T.I.})] / 2$. Levarase a cabo un redondeo da cualificación. A avaliación considerase aprobada cando se obtén 5 ou máis. Concretamos que a construción da nota da avaliación a recuperar establécese cos instrumentos da recuperación

No caso de que non se recupere a avaliación, o alumnado poderá someterse a outra recuperación cando o docente o considere pertinente consistente na realización dun exame escrito puntuado nunha escala de 1 a 10 e sobre as preguntas mandadas no inicio do plan de recuperación, non tendo que presentar o traballo se este xa foi entregado e valorado positivamente, en caso contrario, si debe entregalo de novo.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente será convocado polo Xefe de Departamento ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación e abrírlle un espazo de pendentes na plataforma EDIXGAL onde terá o libro e as actividades

O profesor de área monitorizará o traballo deste alumnado, pero o profesorado do curso anterior será o encargado de elaborar as fichas de actividades de recuperación de pendentes, acompañadas do libro correspondente para que o alumnado teña a parte teórica a súa disposición.

O traballo de recuperación consistirá na elaboración dun cartafol de traballo baseado en tarefas a través das cales se traballan as competencias básicas. Ademais disto vai ter que realizar exames escritos sobre as preguntas que se lle proporcionaron xunto co cartafol.

O alumnado será titorizado regularmente, o que permitirá facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten.

A entrega do cartafol de traballo e a realización dos parciais será nas datas que determine o Xefe de Estudos, pero en

xeral adoitan ser dous parciais para facilitar a eliminación da materia por parciais e un final no mes de maio para aqueles que non foran quen de aprobar pola vía dos parciais.

En virtude de todo isto a cualificación suporá:

60% da nota acadada no exame escrito sobre as preguntas que se lle entregaron e que previamente tivo que preparar.

40% da nota acadada polo traballo realizado cuxa cualificación está determinada polas rúbricas específicas, resultando a media de todas elas.

No caso de que o/a alumno/a non aprobase o exame realizaríase unha recuperación desa parte no final de maio consistente nunha proba escrita en base ás preguntas preparadas e puntuada nunha escala de 1 a 10 non tendo que presentar o traballo se este xa foi entregado e valorado positivamente, en caso contrario, si debe corríxilo e entregalo de novo.

Para a nota final de curso sería o resultado de:

Nota final de curso: (Nota do primeiro parcial + Nota do segundo parcial) / 2.

No caso de que un alumno non acadase unha cualificación positiva, tería unha convocatoria extraordinaria en xuño para acadar os mínimos esixibles para superar a materia.

6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerllo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotívase máis.

Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

Para atender as diferenzas entre o alumnado das materias do departamento contémpanse tres tipos de medidas ordinarias nos tempos e espazos das aulas habituais:

- Adaptación dos instrumentos de avaliación en forma de actividades de reforzo para o alumnado que teñan grandes dificultades para acadar o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe.
- Adaptación dos instrumentos de avaliación en forma de actividades de ampliación para o alumnado que manifesten unha grande capacidade na aprendizaxe dos estándares.
- Adaptación das metodoloxías de ensino-aprendizaxe en forma de traballo colaborativo entre alumnado con grao heteroxéneo de desenvolvemento de capacidades de modo que parte do alumnado que avance con máis facilidade poida titorizar a aqueles ou aquelas que precisan algún tipo de reforzo.

Debido á importancia que teñen as actividades de reforzo e ampliación dentro das medidas de atención á diversidade, haberá un amplo conxunto destas para poder atender individualmente a cada alumno en función do seu nivel. Para a elaboración das actividades haberá unha estreita colaboración entre o Departamento no seu conxunto, cada un dos docentes e o Departamento de Orientación do centro.

As actividades de reforzo permiten aos alumnos con dificultades de aprendizaxe alcanzar os obxectivos fixados para todo o grupo e as destrezas e contidos mínimos precisas para unha avaliación positiva, polo que plantexaremos para cada unidade didáctica unha serie de tarefas individuais sinxelas ou descompostas nos seus pasos fundamentais. Desta maneira, os alumnos poderán acadar de maneira máis doada os estándares de aprendizaxe fixados no currículo, ao mesmo tempo que se facilita a avaliación dos mesmos por medio de rúbricas obxectivas e cuantificables numericamente. Empregaranse actividades como as definicións de vocabulario básico, esquemas, resumos, mapas conceptuais, exercicios nos que deberán completar textos ou imaxes, etc.

As actividades de ampliación serán, pola súa banda, aquelas que permiten a profundización nos contidos de cada unidade didáctica a aqueles alumnos que realizaran adecuadamente todas as actividades propostas e que superaran

con certa facilidade os obxectivos fixados, alcanzando os estándares de aprendizaxe fixados no currículo. Ao igual que sucede co reforzo, as tarefas destinada á ampliación serán avaliadas por medio de rúbricas obxectivas e cuantificables numericamente, onde se fixará o grado de adquisición de competencias e contidos. Estas actividades plantexaranse ben buscando un nivel de execución máis complexo, ben explorando aspectos non analizados ao longo da unidade didáctica pero relacionados coa mesma, ou ben realizándoas cun maior grado de autonomía, segundo cada docente considere máis adecuado. Para isto levaranse a cabo tarefas como a procura de información en fontes diversas, a redacción de textos de certa complexidade (análise e comparación de feitos ou procesos, composicións históricas ou artísticas...), etc.

Cabe diferenciar entre medidas ordinarias e extraordinarias. A nivel de centro contémplanse os agrupamentos como unha medida extraordinaria de atención á diversidade pero o departamento ten que ter en contra outras medidas ordinarias para atender á diversidade como son: adaptación dos tempos e instrumentos e procedementos de avaliación, programas específicos personalizados, metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión ou mesmo a adecuación das programacións didácticas. Sempre, iso si, en colaboración co Departamento de Orientación e as súas indicacións como sinalamos anteriormente

O Departamento, en coordinación co Departamento de Orientación, establecerá as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren ao alumnado con necesidades educativas especiais o seu adecuado progreso. Realizaranse as adaptacións curriculares que se aparten significativamente dos contidos e criterios de avaliación do currículo. Ditas adaptacións cumprirán o procedemento de autorización determinado pola Consellería de Educación.

Os alumnos con TDA, TDH terán máis tempo para facer os exames, sempre que o estimen eles, nunha proporción razoable. Tamén terán nos casos citados formularanse as preguntas de distinto xeito :

- Respostas curtas.
- Destacar as preguntas.
- Outras alternativas en función do alumnado, profesor e suxestións do departamento de orientación
- Tipos de preguntas para que teñan as mesmas oportunidades que o resto dos seus compañeiros.
- Todas estas medidas están individualizadas nos informes de orientación.

O alumnado repetidor coa materia suspensa, prestaráselle atención con exercicios a parte do resto do alumnado para poder vislumbrar cal ou cales foron os motivos da non comprensión da materia, tamén (si así o estima o profesorado en función da actitude e dificultade do alumno) daráselle material complementario e de reforzo ou faráselle preguntas distintas no exame. sempre que o alumno presente dificultades e non se deba a un abandono da materia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación ambiental		X	X	X	X			
ET.2 - Educación para a igualdade					X			X
ET.3 - Educación cívico- social			X	X	X			X
ET.4 - Educación para a paz					X			X
ET.5 - Educación no consumo			X	X	X			
ET.6 - Emprendemento			X	X	X			
ET.7 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.8 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - TICs	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Educación ambiental	
ET.2 - Educación para a igualdade	X
ET.3 - Educación cívico- social	X
ET.4 - Educación para a paz	X
ET.5 - Educación no consumo	
ET.6 - Emprendemento	
ET.7 - Comprensión lectora	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X
ET.9 - TICs	X
ET.10 - Comunicación audiovisual	X

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.

A educación ambiental e do consumo están ligadas aos temas de xeografía porque interesa que o alumnado se decate do impacto do ser humano sobre o planeta. Nese mesmo ámbito o emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa de cara a unha sociedade máis xusta, máis respectuosa cos recursos e o medio ambiente.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita aos restos arqueolóxicos de Noalla e á península do Grove	Persequimos que o alumnado poida ver os restos dun castro costeiro e formas do relevo costeiro			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.
Préstase atención aos elementos transversais
Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas
Metodoloxía empregada
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
Combínase o traballo individual e en equipo.
Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
Medidas de atención á diversidade
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.

Clima de traballo na aula
Conseguíuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
Avaliáase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Grao de implicación nas funcións de titoría e orientación.
As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos contidos mínimos

Descrición:

Os primeiros sete son indicadores de logro relacionados co práctica do ensino
 Os trece seguintes están orientados á avaliación da práctica docente
 Os catro últimos centran a súa atención en aspectos básicos dunha programación realista

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao longo do curso, nas reunións periódicas que celebra o departamento, se valorará o cumprimento da Programación Xeral, atendendo ás Programacións de Aula de cada materia e curso, elaboradas por cada profesor e profesora.

A avaliación da Programación Didáctica é fundamental e permitirá corrixila e adecuala á realidade e ás necesidades que presenta cada grupo, tendo en conta á atención a diversidade. Ao mesmo tempo permitirá unha mellor visión para redactar a Programación do curso seguinte.

Os instrumentos a utilizar para levar a cabo a avaliación desta programación serán:

- Resultados das avaliacións
- Resultados das avaliacións do alumnado con materias pendentes
- Cadernos do profesorado, no que se poidan valorar as intervencións do alumnado nas aulas e a realización dos traballos propostos
- Actas do departamento para contrastar o reflectido nelas
- Informes da Xuntas avaliadoras e do Departamento de Orientación.
- Partindo da información obtida poderemos chegar a avaliar a Programación Didáctica que elaboramos para este curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	2º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	26
4.2. Materiais e recursos didácticos	27
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	28
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	28
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	30
6. Medidas de atención á diversidade	30
7.1. Concreción dos elementos transversais	30
7.2. Actividades complementarias	31
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	32
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	34
9. Outros apartados	34

1. Introducción

No segundo curso, o alumnado traballará sobre os retos crave do mundo actual como o desafío demográfico, o complexo proceso de urbanización, a distribución da riqueza e a igualdade entre homes e mulleres desde unha perspectiva integradora que permita comprender as dinámicas xeopolíticas e socioeconómicas actuais, cun enfoque multicausal que relacione os condicionantes físicos, os medios humanos e os recursos do planeta e as consecuencias da súa explotación. A paisaxe, como ente complexo, sociocultural e fenomenolóxico, será a liña transversal que unirá devanditos contidos.

No apartado histórico, estudaranse a Idade Media e Moderna que, aínda que é unha etapa máis curta que a do anterior curso, relata máis de 1200 anos do noso legado. Os contido e criterios de avaliación concíbense desde unha perspectiva estrutural e coxuntural, é dicir, abordan o esencial de ambas etapas prescindindo de datos concretos ou descriucións pormenorizadas para profundar nas estruturas histórico-culturais herdadas ou renovadas, as súas consecuencias políticas e socioeconómicas. Polo tanto, tamén se abordará a distinta concreción circunstancial no tempo dado, no marco mundial e especialmente no europeo, onde deberemos salientar os procesos históricos acaecidos nos distintos estados peninsulares ibéricos, e en particular en Galicia. Terán relevancia, de novo, os contidos e obras artísticas de cada período, centrándose en exemplificacións do ámbito peninsular e galego.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservar e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Introdución ao estudo da Historia. Fontes e ferramentas para o seu estudo		1	2	X		
2	O inicio da Idade Media		10	12	X		
3	O xurdimento do Islam. A sociedade feudal da Europa medieval		10	12	X		
4	Al- Andalus e os reinos cristiáns hispánicos		10	12	X		
5	O rexurdimento das cidades. A Baixa Idade Media.		9	8	X		
6	Nova mentalidade: o inicio da Idade Moderna		8	7		X	
7	A Monarquía Hispánica. A conquista de America.		10	9		X	
8	A Europa do Barroco		9	6		X	
9	Introdución á Xeografía Humana. Fontes e ferramentas para o estudo xeográfico		1	1			X
10	Os desafíos demográficos do século XXI		8	9			X
11	Desigualdades na sociedade do presente		9	9			X
12	Un mundo de cidades		8	9			X
13	Reflexións para un futuro de convivencia pacífica		7	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Introdución ao estudo da Historia. Fontes e ferramentas para o seu estudo	2

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Incorpora nos argumentos o papel do ser humano nos procesos de transformación da paisaxe ao longo do tempo	PE	75
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Cita as fontes históricas e é capaz de discernir a información que nos pode ofrecer cada unha, así como o seu posible grado de manipulación		
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica con obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Traza liñas de tempo		
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Expón en que consisten as fontes para a investigación histórica	TI	25
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Comprende o proceso de estudo e investigación histórica		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Entende a importancia de conservar o legado histórico como parte da nosa identidade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desafíos demográficos no mundo actual. Causalidade e comparación no estudo da diversidade social e cultural e das estruturas demográficas en distintas escalas: da global á local. Dinámica demográfica de Galicia. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.

UD	Título da UD	Duración
2	O inicio da Idade Media	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Comprende a importancia dos cambios ambientais e a presión polos recursos nos conflitos entre pobos	PE	75
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Logra diferenciar unha fonte primaria dunha secundaria.		
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica con obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Sabe elaborar un eixe cronolóxico sobre as invasións bárbaras e os reinos xermánicos.		
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Identifica nun mapa as invasións bárbaras.		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Comprende a relevancia do Reino Visigodo e do Reino Suevo na historia de España e Galicia, respectivamente.		
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Expón a importancia do pasado na conformación das culturas presentes; por exemplo, traballamos comparamos as linguas que falamos no presente coas linguas xermánicas e latinas		
CA1.6 - Coñecer e interpretar os comportamentos demográficos da poboación, os cambios que experimentou e os seus ciclos, identificando e analizando os principais problemas e retos aos que nos enfrontamos no mundo e en España e Galicia.	Reflexiona sobre o número de habitantes en comparación co presente e a importancia para o control do poder do número de efectivos	TI	25
CA2.7 - Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social.	É capaz de identificar os trazos esenciais da arte hispanovisigoda.		
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Elabora distintas actividades para fixar coñecementos históricos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Argumenta sobre a importancia de respectar as distintas culturas; por exemplo, debatimos sobre o pexorativo do termo "bárbaro"		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aglomeracións urbanas e ruralidade. O despoboamento e o sostemento do mundo rural. O desenvolvemento urbano sustentable: a cidade, o espazo de convivencia. Modos e estilos de vida no contexto da globalización. - Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder. - A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du - España no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.

UD	Título da UD	Duración
3	O xurdimento do Islam. A sociedade feudal da Europa medieval	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Comprende a relación histórica entre o ser humano e a natureza, a dependencia e condicionante da vida dos seres humanos no medievo	PE	75
CA1.6 - Coñecer e interpretar os comportamentos demográficos da poboación, os cambios que experimentou e os seus ciclos, identificando e analizando os principais problemas e retos aos que nos enfrontamos no mundo e en España e Galicia.	Reflexiona sobre os contrastes demográficos nos distintos escenarios a estudar, exemplo: mundo rural europeo, cidades musulmanas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Expón as consecuencias dos feitos históricos		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Entende os trazos básicos do sistema feudal e da súa organización social.		
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Identifica os elementos que caracterizan a arte medieval		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Comprende a relevancia do imperio carolinxo como precedente da idea de Europa. Identifica e interpreta estilos artísticos do mundo medieval, especialmente do románico como primeira manifestación artística común europea		
CA3.7 - Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigacións en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais.	Entende as desigualdades propias da sociedade feudal.		
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	É capaz de diferenciar entre fontes primarias e secundarias.		
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica con obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Realiza esquemas, eixos e liñas de tempo como técnicas de estudo	TI	25
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Realiza distintas actividades para fixar os coñecementos históricos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación

Contidos

- en todos os ámbitos da sociedade e da cultura.
- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.
- Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras.
- Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos.
- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder.
- A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica.
- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du
- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.

UD	Título da UD	Duración
4	Al- Andalus e os reinos cristiáns hispánicos	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
Principalmente manteremos o obxectivo de que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo permitindo relacionalos entre si e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente. Por todo, fomentaremos a aprendizaxe significativa, animaremos á reflexión sobre os contidos e estimularemos o espertar dun sentido crítico propio. Dende esta perspectiva procuraremos aumentar o interese ó levar á práctica os saberes teóricos relacionándoos coa proximidade do seu contexto temporal e territorial

O método educativo partirá dun estilo clásico da materia, que non por clásico deixa de ser efectivo: a metodoloxía expositiva cun peso importante no discurso da profesora, que coa axuda de distintos recursos procurará atraer o interese e animar ó alumnado a afondar na materia de xeito progresivo. En paralelo o alumnado irá madurando

técnicas de estudo básicas e importantes para a adquisición dos coñecementos: realización de esquemas, liñas temporais, resumos... Entrando en curso avanzaremos noutras metodoloxías, sendo permeables á experimentación didáctica para ir situando ó alumnado nunha posición cada vez máis protagonista: fomentaremos o método de aula invertida para poder tutorizar nas horas de aula as súas técnicas de documentación e irán tomando maior peso e relevancia as exposicións orais e a aprendizaxe entre iguais con proxectos grupais.

Ademais e en base os tempos que nos permitan os ritmos de aprendizaxe e as esixencias do currículo, procuraremos a relación e aplicación do aprendido coa realidade da súa vila de Pontevedra, rica en pasaxes históricas e interesante legado artístico. No apartado propio de xeografía tamén procuraremos reflexións sobre temas observables e analizables na súa contorna.

Dentro da metodoloxía deberase coidar asemade, o uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

Ademais non se perderán de vista a diversidade natural dos grupos, que albergan distintos ritmos, intereses e capacidades polo que defendemos unha vez máis a ampliación e diversificación metodolóxica para estimular e atender as distintas personalidades. Moi en relación con este último parágrafo desenvolverase unha merecida atención a diversidade con necesidades máis concretas no apartado 6.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Apuntamentos e fichas do docente
Blog do docente
Aula Virtual do Centro
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado
Material informático
Material audiovisual
Mapas xeográficos e históricos
Novelas históricas, novelas gráficas, cómics
Material funxible
Prensa

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un importante apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso. Ademais do libro de texto empregárase material complementario, incluso elaborado polo docente, que se acomode ás oportunidades que se presenten na aula. Así mesmo, o docente pode dispor do seu propio caderno que poderá entenderse para dúas funcións: a primeira e obrigada e o diario docente onde anotar todos os sucesos acontecidos nas sesións: as moitas anotacións que se merecen para poder computar o progreso nas aulas. Por outra banda o caderno pode entenderse como unha bitácora dixital onde a profesora pode compartir materiais educativos elaborados dende a súa autoría; para este fin pode

empregarse a mesma aula virtual ou unha bitácora independente que co tempo pode ser un recurso a completar de podscat, vídeos, actividades de reforzo e estudo, etc. Esta segunda bitácora desenvolverase de xeito optativo por parte da profesora e en condición do progreso do curso.

O alumnado requerirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e boa presentación. Dito caderno ou cartafol será unha mostra máis do traballo do alumno e do seu progreso.

Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Así mesmo a Aula Virtual permite ao docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliábles, e comunicarse co alumnado.

As novelas históricas adoitan ser atractivas para recrear feitos históricos e poden lerse na súa totalidade ou algún capítulo destacable.

Pode dispoñerse de Xogos de mesa de feitos históricos para ser empregados nalgunha ocasión.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén a aprendizaxe individual.

Hoxe en día o manexo das TIC son necesarias pois ofrecen moitas vantaxes pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do uso responsable.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula.

Dita avaliación inicial consistirá en exercicios orais e escritos de diferente índole. Por unha banda, farase unha proba escrita (de preguntas, de completar textos, de relacionar, de ordenar, etc.) na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos; pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis aberta e expositiva sobre diversos temas curriculares que permita coñecer as destrezas orais.

Así mesmo é preciso unha proba diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Dita proba inicial realizarase axustándose a cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro falso, tormenta de ideas, entrevistas, asembleas, redaccións, visualización comentada de pequenos audiovisuais, pescudas...

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as confusións e incorreccións que os estudantes teñen sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación, sendo idóneo plantexarlles que sexan eles/elas mesmos/as os que, por medio de pescudas, cheguen ás conclusións exactas.

Por último, puntualizar que estas probas iniciais non teñen por que se valoradas numericamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	1	10	10	10	9	8	10	9	1	8
Proba escrita	75	75	75	75	75	75	75	75	75	75
Táboa de indicadores	25	25	25	25	25	25	25	25	25	25

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	8	7	100
Proba escrita	75	75	75	75
Táboa de indicadores	25	25	25	25

Crterios de cualificación:

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as probas escritas é do 75% e o das táboas de indicadores un 25%.

As probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser de desenvolver, curtas ou tipo test; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado de elaboración escrita ou desenvolvemento oral. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar.

A nota da avaliación será o resultado de:

Nota avaliación= [(Media Ex. x 60)+ (Media rúbricas T.I.x40)] / 100.

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é igual ou superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

Nota final= [(Nota 1ª aval. x 34) + (Nota 2ª aval. x 33) + (Nota 3ª aval. x 33)] / 100.

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das tres avaliacións. Consistirá nun exame final no que se examinarán todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

Crterios de recuperación:

Co alumnado que non aprobe as avaliacións farase un plan de recuperación consistente nun traballo escrito que ponderará ata 4 puntos na nota de recuperación. As actividades escritas poderán ser un recopilatorio de actividades claves e sinxelas- que deberán elaborar de cara a preparación dunha proba escrita de recuperación; esta proba estará conformada a súa vez por preguntas ou actividades previamente traballadas polo/a alumno/a no boletín específico ou na aula que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor). Levarase a cabo un redondeo da cualificación e este será á alza cando o decimal é superior a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5. A avaliación considerarase aprobada cando se obtén 5 ou máis. Concretamos que a construción da nota da avaliación a recuperar establécese cos instrumentos da recuperación. Todo o traballo será titorizado polo docente e este estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva. No caso de que non se recupere a avaliación, o alumnado poderá someterse a outra recuperación cando o docente o considere pertinente consistente na realización dun exame escrito puntuado nunha escala de 1 a 10 e sobre as preguntas mandadas realizar polo/a profesor/a no inicio do plan de recuperación, non tendo que presentar o traballo se este xa foi entregado e valorado positivamente, en caso contrario, si debe entregalo de novo.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación. Este consistirá na elaboración dun cartafol de traballo baseado en tarefas a través das cales se traballan as competencias básicas. Ademais disto vai ter que realizar exames escritos sobre as preguntas que se lle proporcionaron xunto co cartafol.

O alumno/a será titorizado regularmente, o que permitirá facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten.

A cualificación suporá:

60% da nota acadada no exame escrito sobre as preguntas que se lle entregaron e que previamente tivo que preparar.

40% da nota acadada polo traballo realizado cuxa cualificación está determinada polas rúbricas específicas, resultando a media de todas elas

No tocante á atención á diversidade, segundo o artigo 51º da Orde do 8 setembro 2021, establécese un plan de reforzo que será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte dos estudantes receptores.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerllo máis comprensible. Este tipo de material poden ser actividades adicionais para repasar e insistir en cuestións fundamentais. Asemade, adaptaranse as probas escritas ás características concretas e específicas baixo o consello do equipo orientador. Para o resto das tarefas poderamos ir adaptando a súa dificultade e características ás necesidades concretas do alumnado, sempre que tal estimación sexa así consuetudina co equipo orientador

Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle material de ampliación e afondamento.

Para todo o alumnado empregárase a Plataforma Virtual para a achega do material complementario.

Por outra banda, estímase ó inicio do curso a necesidade de elaborar unha Adaptación Curricular Individual a un alumno de casuística especial. Esta medida excepcional conlevará a elaboración dunha programación didáctica individualizada.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social								
ET.2 - Educación ambiental								
ET.3 - Educación para a igualdade			X					
ET.4 - Emprendemento								
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita		X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible								

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - Educación para a paz							X	X
ET.8 - Educación para o consumidor								

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Educación cívico-social					X
ET.2 - Educación ambiental			X	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade			X		
ET.4 - Emprendemento				X	X
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita					
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible			X	X	X
ET.7 - Educación para a paz					
ET.8 - Educación para o consumidor			X	X	X

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	complementaria	X	X	X
Excursións de interese didáctico	complementaria			X
Roteiros didácticos	complementaria	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Proxección de cine	complementaria	X	X	X

Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina. Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real. A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar. Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

Durante o curso 2023/24 manteremos certa flexibilidade para determinar actividades complementarias en base a distintas circunstancias:

- O interese das actividades e exposicións temporais que ofrezca o museo da cidade

- O desenvolvemento dunha excursión fin de curso de carácter transversal a distintas materias

Alén das circunstancias que condicionan as propostas primeira e segunda (visitas a exposicións e excursións de interese didáctico) presentanse con maior seguridade o desenvolvemento dun roteiro didáctico pola vila pontevedresa para analizar in situ o seu patrimonio medieval e a proxección de pezas audiovisuais relacionadas na súa temática cos contidos a estudar.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planifica leccións, ensina e avalía
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Ofrece oportunidades de recuperación
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Os obxectivos didácticos están ben formulados
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
A temporalización foi adecuada
Realizouse a avaliación inicial
Os criterios de cualificación foron axustados

Metodoloxía empregada
Emprega variedade de recursos
É ordenado nas explicacións
Explica con claridade
Resolve dúbidas
É innovador/a
As actividades foron variadas e motivadoras
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Revisa a realización das tarefas propostas
Medidas de atención á diversidade
Valora o esforzo
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación
Clima de traballo na aula
Crea ambiente de aprendizaxe
Sabe dirixir as clases
Outros
Demostra coñecemento da materia
Motiva ao alumnado
Cumpriu co horario de clase
Valoración xeral da materia
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado

Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisa sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula da profesora

Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.

Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	20
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	25

1. Introducción

A materia de Xeografía e Historia contribúe á percepción e a análise dunha realidade cada vez máis diversa e cambiante. A comprensión do devir a través do tempo e do espazo e a análise do cambio como froito da acción humana implica concibir a aprendizaxe do alumnado como unha invitación ao coñecemento de si mesmo e do mundo que o rodea.

Vivir en sociedade, interactuar na contorna e comprender como son as relacións que establecemos e as normas de funcionamento que as rexen resultan esenciais para que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades e exercitar a cidadanía cara un comportamento cívico.

Nesta liña, os contidos de terceiro van na dirección de comprender o territorio como o espazo humanizado, tanto desde unha perspectiva económica como física e ambiental. Entender as dinámicas internas e externas da poboación e as súas derivadas como a diversidade da poboación, a interculturalidade, as minorías e a igualdade de xénero tamén van ser obxecto de estudo neste curso. Así mesmo, valorar que todos estes asuntos van sentir os efectos do fenómeno da globalización é outro dos eixes principais a tratar.

Desde o punto de vista histórico os contidos deste curso tratan o século XVIII, unha etapa de cambios ideolóxicos, sociais e económicos de grande repercusión que asentan as bases da organización política e económica do mundo contemporáneo ata os nosos días. As revolucións burguesas entenderanse como o marco de ruptura das estruturas do pasado (servidume) para conformar novas formas de pensamento ideolóxico e político nun novo contexto de liberalismo e de democracia, é dicir, de recoñecemento da cidadanía. A globalización, o capitalismo, as formas de traballo e a economía liberal serán cuestións que se comprendan cando se aborde a Revolución Industrial; e, igual que a sociedade, a economía e a política se transforman, a arte deste época tamén responderá a ditas mutacións adaptándose a novos gustos e demandas.

Ditos contidos están estruturados en tres bloques que son "Retos do mundo actual" no que se fai fincapé nos desafíos e problemas do presente e da contorna local e global coa perspectiva de coñecer cales son os retos do futuro ao que se enfronta a sociedade en xeral e a española e galega en particular.

O segundo bloque "Sociedades e territorio" integra contidos que contribúen a explicar a evolución das sociedades ao longo do tempo e do espazo para comprender o devir actual e as consecuencias futuras. En definitiva, interpretar o presente desde a perspectiva do pasado como legado histórico.

O terceiro bloque de grande transversalidade é "Compromiso cívico local y global" no que se acentúan o sentido da responsabilidade e os valores democráticos dos/das alumnos/as deste nivel.

En definitiva, alumnado de terceiro comprenderá a través desta materia o presente como un proceso inacabado sobre o que é posible actuar desde unha perspectiva científica e cívica para modelar o futuro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3	3	4	1-2-4-5	1	1	3	4
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2	3	2	1-2	4	1-3	1-3	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.	2-3		3-4-5	1-5	3	3-4	1	1-4
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.	1-3	2	1	1-2	2	1-2-3-4	1	1-4
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	1-5	3	2	1-3-5	1-3	1-2	3	1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	1-5	3	1-3	1-3	3	1-2-3	1-3	1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	2-5	3	2-4	1-2	1-3	1-2-3		1-2-3
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.	2		1-4-5	4	2-5	1-2-3	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2-5		2	1-3	1	1-2-3-4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Sustentabilidade medioambiental.	Abordaranse os principais problemas medioambientais da Terra, prestando especial atención a emerxencia climática e a conciencia ecosocial.	10	9	X		
2	A poboación, movementos migratorios e interculturalidade.	Abordarase o estudo da poboación e os movementos migratorios. Prestarase atención aos efectos dos desprazamentos da poboación no mundo actual, a multiculturalidade e posibles conflitos ideolóxicos e étnico culturais, diversidade e mestizaxe.	12	12	X		
3	Unha economía globalizada.	Tratarase o fenómeno da globalización, os seus aspectos positivos e negativos e as súas consecuencias na vida das persoas.	11	12	X		
4	Sector primario.	Abordarase o estudo das actividades económicas que comprenden o sector primario e o deber do respecto polo Desenvolvemento Sostible.	11	12		X	
5	Minaría, enerxía e industria.	Tratarase o estudo das actividades económicas do sector secundario e e o deber do respecto polo Desenvolvemento Sostible.	11	12		X	
6	Os servizos I.	Abordarase o estudo das actividades económicas do sector terciario e o deber do respecto polo Desenvolvemento Sostible.	11	12		X	
7	Os servizos II.	Abordarase o estudo das actividades económicas do sector terciario (Turismo e outros servizos) e o deber do respecto polo Desenvolvemento Sostible.	11	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	O reto do desenvolvemento.	Trataranse os contrastes económicos e sociais entre a poboación mundial, prestando especial atención aos factores que frean o desenvolvemento das rexións máis desfavorecidas do planeta.	11	12			X
9	O Antigo Réxime.	Tratarase o Antigo Réxime, a Ilustración e o despotismo ilustrado, así como os síntomas e propostas de cambio. É importante destacar a figura de mulleres que na época propuñan cambios no seu rol.	12	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Sustentabilidade medioambiental.	9

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características da contorna natural e o aproveitamento que fai o ser humano do medio.	PE	70
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	Contesta ás preguntas cun nivel suficiente e de forma bastante detallada sobre as maneiras de conservar o medio natural, rural e urbano e coñece accións que se promoven desde diferentes ámbitos.		
CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	É capaz de expor con certa claridade un traballo sobre as distintas formas de protexer a paisaxe.	TI	30
CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Realiza con certa soltura un informe con propostas para o logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	É capaz de expor con certa claridade un traballo sobre o medio natural como recurso para a vida.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural. - Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.

UD	Título da UD	Duración
2	A poboación, movementos migratorios e interculturalidade.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Responde a preguntas cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender o que é globalización, causas, consecuencias e aspectos negativos e positivos e o que é Desenvolvemento Sostible.	PE	70
CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Responde a preguntas cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender o que é globalización, causas, consecuencias e aspectos negativos e positivos e o que é Desenvolvemento Sostible.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Realiza unha pequena enquisa de poboación, demostrando extraer conclusións sobre as coincidencias entre as persoas do mesmo grupo de idade	TI	30
CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Realiza con certa soltura un informe coas conclusións extraídas da enquisa de poboación.		
CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	É capaz de expor con certa claridade un traballo sobre os distintos tipos de migracións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas - Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural. - Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social. - Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural. - Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.

UD	Título da UD	Duración
3	Unha economía globalizada.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Responde a preguntas cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender o que é globalización, os factores que a fixeron posible e os seus principais efectos na economía mundial.	PE	70
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Responde a preguntas cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender o que é a globalización, os factores que a fixeron posible e os seus principais efectos na economía mundial.		
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	Elabora un pequeno traballo sobre un proxecto empresarial respectuoso cos ODS.	TI	30
CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Elabora un pequeno traballo sobre un proxecto empresarial respectuoso cos ODS.		
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Realiza con certa soltura un informe sobre a economía colaborativa explicando como funciona e para que serve.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais. - Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade. - Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social. - Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.

UD	Título da UD	Duración
4	Sector primario.	12

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender cales son as características fundamentais do sector primario no mundo.	PE	70
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodpendencia.	Contesta ás preguntas cun nivel suficiente e de forma bastante detallada sobre as maneiras de conservar o medio natural, rural e urbano e coñece accións que se promoven desde diferentes ámbitos.		
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Elabora un pequeno traballo sobre prácticas destrutivas que afectan o sector primario na actualidade.	TI	30
CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	É capaz de realizar con certa soltura unha proposta de traballo no que expoña as actividades económicas da súa contorna e como condiciona o medio á economía.		
CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	É capaz de realizar con certa soltura unha proposta de traballo, identificando e describindo os problemas do desperdicio de alimentos que hai na súa contorna e as solucións que proporía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro. - Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. - Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural. - Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
5	Minaría, enerxía e industria.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar as características do sector secundario na UE e os obxectivos das súas políticas.	PE	80
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodpendencia.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender como evolucionaron as actividades económicas vinculadas ao sector secundario e os retos do seu futuro.		
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Elabora un pequeno informe sobre a fenda económica e social que hai entre Estados ricos e pobres.	TI	20
CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	É capaz de expor con certa claridade un traballo sobre as distintas formas de dar unha nova vida aos residuos que xera o sector secundario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro. - Estructuras económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. - A industrialización en Europa, España e Galicia. Transicións, revolucións, permanencias e cambios na nova orde mundial. Nacemento dunha nova sociedade.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
6	Os servizos I.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Responde cun nivel suficiente ás cuestións planteadas sobre o comercio e a rede de transporte.	PE	80
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Responde a preguntas cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender o que é o comercio mundial, a súa organización, tipos e principais eixes.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Elabora un pequeno traballo sobre as repercusións que a cultura de usar e tirar ten sobre o medio ambiente.	TI	20
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	É capaz de realizar con certa soltura unha proposta de traballo no que expoña as características da zona onde vive e as actividades económicas da súa contorna e como condiciona o medio á economía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida.

UD	Título da UD	Duración
7	Os servizos II.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Responde a preguntas cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender o que é o turismo, os seus tipos, as principais rexións emisoras e receptoras e os seus impactos económicos, sociais e ambientais.	PE	80
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender a evolución dos servizos básicos para a economía e o benestar.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Elabora un pequeno traballo sobre o impacto que o turismo ten sobre as paisaxes costeiras.	TI	20
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Realiza un debate sobre medios de comunicación e os enfoques que amosan no tratamento da información.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. - Estructuras económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. - O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida.

UD	Título da UD	Duración
8	O reto do desenvolvemento.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Contesta ás preguntas cun nivel suficiente e de forma bastante detallada sobre o estado actual dos ODS e os factores que frean o desenvolvemento dos países.	PE	70
CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Responde a preguntas cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender o que é o desenvolvemento, índices que o miden, principais freos e programas de axuda.		
CA2.7 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Traballa en equipo e achega ideas con certa claridade para elaborar un traballo sobre a violencia de xénero e os problemas das minorías e tamén elabora entrevistas simuladas a colectivos de mulleres.	TI	30
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Realiza un pequeno traballo sobre os ODS relacionados directamente co desenvolvemento humano, explicando como afecta ese problema ao desenvolvemento e cales son as metas establecidas para 2030.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Realiza un pequeno traballo sobre os ODS relacionados directamente co desenvolvemento humano, explicando como afecta ese problema ao desenvolvemento e cales son as metas establecidas para 2030.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<p>Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os</p>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial. - Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais. - Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas - Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural. - A industrialización en Europa, España e Galicia. Transicións, revolucións, permanencias e cambios na nova orde mundial. Nacemento dunha nova sociedade. - Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social. - Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
9	O Antigo Réxime.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	Contesta ás preguntas cun nivel suficiente e de forma bastante detallada sobre o concepto do Antigo Réxime os seus trazos políticos, económicos e sociais.	PE	70
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Realiza con certo nivel de coñecemento un comentario de texto guiado sobre a Ilustración como xerme do pensamento político contemporáneo, sendo capaz de identificar algunha das súas críticas ao Antigo Réxime.		
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Analiza e compara o absolutismo e o parlamentarismo a partir de textos históricos.	TI	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos.	Redacta e expón o legado das correntes ilustradas na actualidade, prestando especial atención as características das democracias actuais e valorando a importancia do sistema constitucional e democrático.		
CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Elabora un pequeno traballo sobre o papel das mulleres nos inicios da Idade Contemporánea.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas - As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores. - A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes. - A chegada a España dunha nova dinastía, uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814. O reformismo ilustrado en Galicia. - A industrialización en Europa, España e Galicia. Transicións, revolucións, permanencias e cambios na nova orde mundial. Nacemento dunha nova sociedade. - O nacemento das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do século XIX e a súa relación coas artes clásicas. A personalidade independente de Goya. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita. - O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada á hora de traballar no curso de terceiro os contidos da materia debe permitir que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo para que poida establecer relacións e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente; por isto as metodoloxías a empregar centranse na adquisición de aprendizaxes significativas.

Seguindo a máxima de que se aprende facendo é recomendable o emprego de metodoloxías abertas, flexibles e

activas que poñan ao alumnado no reto de resolver as tarefas encomendadas que conduzan a aumentar o seu interese, a súa motivación e a súa autonomía. Neste aspecto é viable aplicar neste curso diversos métodos como o traballo por proxectos; a clase invertida; aprendizaxe baseada no xogo ou baseada nun problema, etc. Todos eles propician que o alumnado traballe e afonde nas súas competencias e se lle valoren os progresos e non só os resultados. Diversificar as metodoloxías segundo a Unidade a traballar, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar, así mesmo, as dificultades de aprendizaxe que aparezan e aplicar, en consonancia, os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...).

Dentro das distintas actividades a desenvolver destacaranse as actividades que conlevan a defensa oral, xa que supoñen a maduración de importantes destrezas como a oratoria, asemade contribúen positivamente a tomar autoconfianza e a valorar o propio aprendizaxe; como oradoras podemos recoñecer que resulta habitual detectamos as debilidades no discurso das nosas ideas e contidos no momento de verbalizalas, algo que toma máis sentido en etapas iniciais de formación e aprendizaxe na construción de argumentos. Nesta liña algunha das actividades a desenvolver poderían ser as exposicións orais ou o fomento de debates grupais.

Por todo o exposto, expresase un predominio das dinámicas e tarefas grupais, que fomentan o traballo en equipo. Porén poen propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, que favorecen a coñecemento individual e as fortalezas e debilidades particulares .

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintas estratexias que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado para que adquiren autonomía e aprendan por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas e unidireccionais que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as súas habilidades, destrezas e intereses.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Apuntamentos do docente
Aula Virtual do centro
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado
Fichas fotocopiáveis
Materiais informáticos
Material audiovisual
Xogos históricos
Mapas xeográficos e históricos
Novelas históricas, novelas gráficas, comics
Material funxible
Prensa
Cine ou documentais

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un importante apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe condicionar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso.

Ademais do libro de texto empregárase material complementario, incluso elaborado polo docente, que se acomode ás oportunidades que se presenten na aula. Así mesmo, o/a profesor/a pode dispor do seu propio blog didáctico para programar traballos e actividades (visualizar vídeos, realizar tarefas interactivas...) que enriquezan a didáctica.- o blog didáctico pode asimilarse á Aula Virtual, Edixgal ou outras plataformas de uso interno do Centro ou especificamente educativos.

O alumnado requirirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e con boa presentación. Dito cartafol será unha mostra máis do traballo do/a alumno/a e da súa progresión.

As novelas ou o cine que traten algún dos aspectos do currículo de terceiro adoitan ser un material atractivo para afondar e comprender os contidos. Estes poden ser traballados na súa totalidade ou parcialmente segundo a organización e disponibilidad temporal.

Pode dispoñerse de xogos históricos para ser empregados nalgunha ocasión pois favorecen un bo clima escolar.

Malia que estamos nun momento moi tecnolóxico non se poden descartar os traballos de carácter manual, elaborados con material funxible, como os pósteres ou murais temáticos xa que é importante que o alumnado planifique, deseñe e constrúa co fin de que desenvolva as súas destrezas e a súa proactividade.

No curso de terceiro abórdanse temáticas que, en grande medida, están en boga como a globalización, o medio ambiente, o mundo laboral, as migracións, a democracia...etc, polo que o emprego da prensa resulta interesante para darlle ese enfoque práctico e de realidade á aprendizaxe.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa intención de diversificar non só a metodoloxía senón tamén a aprendizaxe individual.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula.

Dita avaliación inicial consistirá en exercicios orais e escritos de diferente índole. Por unha banda, farase unha proba escrita na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos; pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis aberta e expositiva sobre diversos temas curriculares que permita coñecer as destrezas orais.

Así mesmo é preciso unha proba diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Dita proba inicial realizarase axustándose a cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro falso, tormenta de ideas, entrevistas, asembleas, redaccións, visualización comentada de pequenos audiovisuais, pescudas....

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as confusións e incorreccións que os estudantes teñen sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación, sendo idóneo plantearlles que sexan eles/elas mesmos/as os que, por medio de pescudas, cheguen ás conclusións exactas.

Por último, puntualizar que estas probas iniciais non teñen por que se valoradas numéricamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	12	11	11	11	11	11	11	12	100
Proba escrita	70	70	70	70	80	80	80	70	70	73
Táboa de indicadores	30	30	30	30	20	20	20	30	30	27

Criterios de cualificación:

A avaliación do curso establécese segundo o proceso de avaliación continua e criterios de ponderación a varios niveis. Por unha banda establécese unha ponderación por unidades didácticas, de tal xeito que cada unha delas ten un peso específico no global do curso. Por outra banda os instrumentos de avaliación, probas escritas e táboa de indicadores, réxense por uns criterios de puntuación e así mesmo de ponderación.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10. O alumnado sempre coñecerá con anterioridade a realización da proba o formato a desenvolver, así como os criterios de cualificación e o seu peso no computo xeral da avaliación. Cada pregunta da proba especificará o valor de cada exercicio. Con posterioridade o alumnado recibirá información sobre a corrección, garantindo o dereito a súa revisión coa profesora.

O profesorado contemplará o número de probas escritas por avaliación en función da dificultade temática e o cómputo de horas estimado a cada bloque de contidos. Porén garantase un mínimo de 1 proba escrita por avaliación.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; pósteres; exposicións orais, etc. As profesoras conservarán as rúbricas nos seus cadernos de docencia e poderán xustificar as cualificacións do alumnado con rigor e obxectividade.

A nota da avaliación será o resultado de:

$$\text{Nota avaliación} = [(\text{Media Probas escritas} \times 80) + (\text{Media rúbricas T.I.} \times 20)] / 100.$$

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é igual ou superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

$$\text{Nota final} = [(\text{Nota 1ª aval.} \times 33) + (\text{Nota 2ª aval.} \times 33) + (\text{Nota 3ª aval.} \times 33)] / 100.$$

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das tres avaliacións. Consistirá nunha proba escrita final no que se examinarán todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

Criterios de recuperación:

Farase unha proba escrita de recuperación por trimestre sobre as preguntas propostas polo docente e que foron previamente traballadas polo/a alumno/a que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor).

No caso de que non se recupere a avaliación, o alumnado poderá someterse a outra recuperación cando o docente o considere pertinente consistente na realización dun exame escrito puntuado nunha escala de 1 a 10.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. Nel indícase que o alumnado deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- g) Acreditación da información á familia.

Segundo o indicado, o alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación. Este consistirá na elaboración dun cartafol de traballo baseado en tarefas a través das cales se traballan as competencias básicas. Ademais disto vai ter que realizar exames escritos sobre as preguntas que se lle proporcionaron xunto co cartafol.

O alumno/a será guiado regularmente polo/a profesor/a, o que permitirá facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten.

En virtude de todo isto a cualificación suporá:

60% da nota acadada no exame escrito sobre as preguntas que se lle entregaron e que previamente tivo que preparar.

40% da nota acadada polo traballo realizado cuxa cualificación está determinada polas rúbricas específicas, resultando a media de todas elas.

No caso de que o/a alumno/a non aprobase o exame realizaráselle, cando se indicase, unha recuperación consistente nunha proba escrita en base ás preguntas preparadas e puntuada nunha escala de 1 a 10 non tendo que presentar o traballo se este xa foi entregado e valorado positivamente, en caso contrario, si debe corrixilo e adxuntalo de novo.

Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo cunha proposta de material de traballo adaptado para determinadas actividades, material adicional para afianzar os coñecementos e de seguro un coidado especial para as probas escritas, que poderán adaptarse as características e necesidades do alumnado seguindo as recomendacións do equipo de Orientación.

Ao alumnado de altas capacidades poderanse asignar tarefas de ampliación e afondamento ou outros materiais para que podan avanzar no súa inquiredanza e curiosidade académica.

Para a labor de achegar materiais adicional aos grupos diversos poderase facer uso da Aula Virtual ou outras plataformas internas, unha forma de respectar o anonimato e ofertar reforzo e ampliación a todo o grupo, pois independentemente de casos concretos que asistiremos, todos amosamos distintos ritmos e intereses en función das temáticas.

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado na que se indica que, en coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

Contéplase tamén un Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado incluírá, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social.	X	X		X			X	X
ET.2 - Educación ambiental.	X		X		X	X	X	
ET.3 - Educación para a igualdade.		X		X			X	X
ET.4 - Emprendemento.			X		X	X	X	
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz		X					X	X
ET.8 - Educación para o consumidor	X	X			X	X	X	

	UD 9
ET.1 - Educación cívico-social.	X
ET.2 - Educación ambiental.	
ET.3 - Educación para a igualdade.	X
ET.4 - Emprendemento.	
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.	
ET.7 - Educación para a paz	
ET.8 - Educación para o consumidor	

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Por suposto traballar a educación cívica, a igualdade, o coidado do medio ambiente, educación para paz, en definitiva, os ODS...é prioritario nesta materia e neste curso xa que gran parte dos temas curriculares xiran arredor destes aspectos.

Así mesmo, a comunicación audiovisual será aproveitada dun xeito responsable en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente e ao desenvolvemento das competencias das TIC do alumnado.

Como tema transversal inclúese a comunicación pois vanse promover os debates ordenados nos que se cumpran as normas de respecto e a tolerancia polas opinións contrarias que, en definitiva, conlevan a unha actitude cívica e a asunción dos valores constitucionais e democráticos.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa para levar a cabo os traballos de aula e/ou emitir propostas que enriquezan o clima da aula.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a charlas	Complementaria	X		
Roteiros didácticos	Complementaria			X
Proxección de cine de interese para a materia	Complementaria	X	X	X

Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Para optimizar o seu sentido e aplicación educativa é convinte unha escolla axeitada en relación aos contidos a estudar, pero tamén aos intereses particulares do alumnado e as circunstancias concretas do seu contexto. Por todo, o Departamento de Xeografía e Historia mantén certa flexibilidade ó longo do curso para solicitar actividades complementarias, e así as actividades suxeridas de entrada poden verse con facilidade, mudadas ao longo do curso, cambios que recoñeceremos no seguimento da programación. As actividades propostas inicialmente serán a participación de charlas e/ou obradoiros específicos, para esta cuestión pensamos no apoio do Club ao Cambio Climático do propio centro que pode supoñer un recurso complementario ó tema inicial: a sustentabilidade ambiental.

Durante o terceiro trimestre adoitase a facer saídas didácticas de carácter transversal. A materia de Xeografía e Historia sempre pode aproveitar estas circunstancias para poñer en práctica o aprendido.

Por último consideramos o cinema, tamén no seu xénero documental, como recurso para reflexionar sobre as aprendizaxes vistas dende outras perspectivas. Unha solución a realizar dende a aula de referencia, valorando a profesora responsable a idoneidade dos cortes audiovisuais a utilizar e considerando sempre a legalidade da proxección na franxa de idade e no coidado e respecta aos dereitos de autoría

En todas as actividades complementarias garantírase que estas consistirían unha experiencia educativa considerando sempre as fases necesarias para a súa preparación e posterior análise conxunto do aprendido.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planifica leccións, ensina e avalía
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Valora o esforzo
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada

Os criterios de avaliación e cualificación foron claros.
A temporalización foi adecuada.
Realizouse a avaliación inicial
Os criterios de cualificación foron axustados.
Metodoloxía empregada
Motiva ao alumnado
É ordenado nas explicacións
Resolve dúbidas
É innovador/a
Revisa a realización das tarefas propostas
As actividades foron variadas e motivadoras.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprega variedade de recursos
Sabe dirixir a clases
Medidas de atención á diversidade
Ofrece oportunidades de recuperación
Os contidos e actividades relacionáronse cos interese do alumnado.
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Clima de traballo na aula
Crea ambiente de aprendizaxe
Outros
Demostra coñecemento da materia
Explica con claridade
Valoración xeral da materia.
Os obxectivos didácticos están ben formulados.

Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente. En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorn a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula. Este cuestionario en base á responder SI ou NON será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso para ser respondido de forma anónima. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar

determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito contínuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens por avaliación trimestral, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.). De todo isto se elaborará un informe detallado nas actas do departamento.

Para avaliar o proceso de ensino deben empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	32
4.2. Materiais e recursos didácticos	33
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	33
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	34
6. Medidas de atención á diversidade	35
7.1. Concreción dos elementos transversais	35
7.2. Actividades complementarias	37
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	37
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	39
9. Outros apartados	39

1. Introducción

Xeografía e Historia como disciplina escolar ten como principal papel profundar no coñecemento da sociedade, da súa organización e funcionamento nun territorio, a través do tempo e na actualidade, utilizando o aprendido polo alumnado na etapa anterior na área de coñecemento do medio natural, social e cultural.

En ambas as dúas materias non se debe esquecer o importante que resulta adquirir un vocabulario conceptual propio e a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente, através de toda a ESO mediante conceptos que consideramos nucleares: o tempo histórico, o espazo e os recursos. Non debe esquecerse, á hora de introducir contidos metodolóxicos, a importancia de saber interpretar fontes de diversa tipoloxía, a comprensión da multicausalidade e a intencionalidade na interpretación dos procesos, o uso adecuado da información e o manexo da documentación.

A finalidade destas materias concretaríase en dar unha visión global do mundo e un conxunto de valores para que os alumnos e alumnas adopten unha actitude ética e comprometida dentro dunha sociedade plural e solidaria.

Deste xeito, entendemos a Xeografía e Historia non coma unha narración anecdótica, descritiva ou unha clasificación estereotipada dos rasgos do medio natural e das sociedades pasadas; senón coma unha disciplina explicativa e interpretada, é dicir, un discurso que analiza e interpreta as claves dos procesos e os fenómenos xeográficos e históricos.

Neste senso, o cuarto curso da ESO, como nivel finalista para toda a etapa, debe recoller gran parte dos contidos e criterios abordados con anterioridade, sobre todo aqueles relacionados co Desenvolvemento Sostible -non tanto na súa faceta ecolóxica, senón máis ben no seu papel político e socioeconómico-, o papel do feminismo e os movementos sociais de cuarta xeración e a conformación das sociedades actuais globalizadas e postindustriais.

Aspectos que afectan tanto á historia como ciencia social que estuda o presente, como á xeografía humana e as súas principais preocupacións en canto ás consecuencias das relacións entre o medio físico, os recursos e a humanidade e que ao cabo conforman os grandes espazos rexionais do planeta e que ven afectados por similares problemáticas e conflitos que vivimos hoxe en día.

No aspecto puramente histórico abórdanse os séculos XIX, XX e XXI, desde as bases históricas da dobre revolución -política e económica- protagonizada polos Estados Contemporáneos ata a conformación da sociedade de clases e a súa evolución e caracterización ata o presente. Todo iso en referencia a un longo camiño balizado de procesos dramáticos, como o Imperialismo, o período de entreguerras ou a Guerra Fría, que veñen a interaccionar nunha realidade política e social cada vez máis plural e complexa.

Tamén, valórase a conformación dos procesos democráticos no mundo e en especial en España e Galicia, así como a conformación das distintas identidades individuais, sociais, colectivas e territoriais, que son resultado dos distintos avatares do pasado e os seus protagonistas. Un resultado, aínda aberto e mellorable condicionado polas decisións que o alumnado pode exercer no futuro como cidadáns dun mundo comprometido.

Por último, pero non menos importante, inclúense contidos artísticos e culturais que pretenden exemplificar, polo menos no básico, desde a arte moderna e postmoderno ata as plurais manifestacións actuais. Deberemos explicar non só a evolución formal senón tamén entender a arte contemporánea como unha linguaxe nova, rupturista e comprometida, resultado dos procesos artísticos previos e (des)conectado co noso presente.

En definitiva, o alumno de cuarto curso comprenderá a través desta materia o presente como un proceso inacabado sobre o que é posible actuar desde unha perspectiva científica e cívica para modelar o futuro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As Revolucións Burguesas e a súa expansión. Os movementos Nacionalistas. Bases ideolóxicas da sociedade de clases.	<p>A primeira unidade do curso enlaza ca historia vista en 3º curso da ESO xa que afonda nas consecuencias das Revolucións Burguesas e a súa expansión, primeiro por Europa e logo polo Mundo. Nela describiremos o longo proceso da conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea, e as resistencias presentadas á Modernidade.</p> <p>A Restauración emerxe como contrapunto que en vez de frear, acelera o proceso de expansión das ideas liberais e nacionalistas</p>	5	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As Revolucións Burguesas e a súa expansión. Os movementos Nacionalistas. Bases ideolóxicas da sociedade de clases.	(poñendo en clave os principais procesos unificadores e independencias), auténticos motores do s. XIX, xunto coas ideas marxistas e anarquistas. Todo elo modela a sociedade de clases decimonónica, que substitúe a sociedade estamental, cunhas bases ideolóxicas da sociedade de clases que analizaremos na propia unidade.	5	9	X		
3	As raíces históricas de Galicia	Prehistoria de Galicia. A conquista romana. O Reino suevo. Galicia na Idade Media: crises baixomedievais, as guerras irmandiñas. Características da sociedade feudal galega.	10	12	X		
4	As raíces da arte galega e a Arte Medieval en Galicia.	As imaxes e a súa representación simbólica. Arte da Prehistoria en Galicia. A cultura castrexa. Arte romana. Arte prerrománica. Suevos e Visigodos. Arte Románica. O Románico no Camiño de Santiago. Arte Gótica: unha cultura urbana.	5	10		X	
5	Galicia no Antigo Réxime (séculos XVI a XVIII)	Sociedade. Economía. Institucións políticas.	10	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Galicia no Antigo Réxime (séculos XVI a XVIII)	Real Audiencia, Xuntas do Reino. A Ilustración en Galicia.	10	10		X	
6	Arte na Idade Moderna en Galicia.	O Renacemento. A diversidade do Barroco. Barroco compostelán. Neoclasicismo. O urbanismo academicista.	5	9		X	
7	Galicia no S.XIX	A guerra contra Francia. Absolutismo e o estado liberal. Economía e estrutura demográfica na Galicia do S.XIX. O proceso desamortizador. Galicia na Restauración: as quendas e o fenómeno do caciquismo.	10	10		X	
8	Galicia no primeiro terzo do S. XX (1900-1936)	A crise da Restauración en Galicia. Economía e evolución demográfica no primeiro terzo do século. O éxodo ultramarino, auxe da burguesía e transformacións na estrutura económica. Evolución política desde o Rexionalismo ata a xeración das Irmandades. A II República e o primeiro Estatuto de autonomía de Galicia. Primeiras formas de participación feminina en política.	10	10			X
9	Galicia durante a Guerra civil e o Franquismo. (1936-1975).	A sublevación militar, bandos e a guerra en Galicia. Consecuencias: a posguerra. Economía autárquica no primeiro franquismo. Os anos do desenvolvemento. Os últimos anos do franquismo.	10	9			X
10	Galicia na transición e a Democracia. (1976-2022)	A Constitución de 1978. O proceso autonómico: O Estatuto de autonomía de Galicia de 1981. A integración na U.E.: O Euro. Transformacións sociais, económicas, culturais e políticas: a construción do Estado do Benestar. Os avances sociais no respecto na diversidade étnica e na igualdade de xénero. Lexislación para a igualdade de 2007. Os desastres ecolóxicos: O caso do "Prestige". A crise económica de 2007. A crise de 2020: A pandemia do "Covid-19".	10	9			X
11	Arte na Idade Contemporánea en Galicia.	Arte galega do S. XIX. Os novos materiais: historicismo e eclecticismo. Escultura do Rexurdimento.	5	9			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
11	Arte na Idade Contemporánea en Galicia.	Pintura: do Romanticismo ao Realismo. Arquitectura do S.XX e XXI. Funcionalismo do Movemento Moderno e arquitectura orgánica. As vangardas nas artes plásticas. Escultura e pintura no S.XX. Os novos medios: a fotografía e o cine en Galicia.	5	9			X
12	O Patrimonio cultural de Galicia.	O Patrimonio cultural en Galicia. Conservación do patrimonio. O rexistro de Bens de interese cultural. Tipoloxía e Normativa. A conservación, posta en valor, fomento e difusión dos Bens do patrimonio de Galicia. Función social do patrimonio.	5	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O medio físico de Galicia: relevo, clima, hidrografía e formas de hábitat.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir as singularidades do espazo xeográfico galego, situando e analizando as súas unidades de relevo.	Identifica e coñece as unidades xeomorfolóxicas de Galicia e coñece a súa evolución xeolóxica.	PE	60
CA1.2 - Distinguir as variantes climáticas galegas, sinalando os elementos e os factores que as conforman.	Describe e compara as variantes climáticas de Galicia, analizando os factores e os elementos característicos destes a través de mapas de tempo, gráficas climáticas.		
CA1.3 - Describir a biodiversidade, solos e a rede hídrica e analizar o aproveitamento destes recursos.	Identifica a biodiversidade, solos e os recursos hídricos e relaciónaos coas súas posibilidades de aproveitamento sustentable.	TI	40
CA1.4 - Describir e reflectir nun mapa a singularidade das paisaxes naturais de Galicia e relacionar o medio natural coa actividade humana.	Localiza no mapa as paisaxes naturais, e identifica e formula as súas características e os problemas suscitados pola acción humana.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Coñecemento das ferramentas e dos métodos propios da ciencia xeográfica. Análise de planos, mapas e representacións gráficas. Dominio do concepto de espazo xeográfico.
- Características físicas do territorio galego: formación do relevo, unidades xeomorfolóxicas, acción erosiva e tipos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - de solo. - Variantes climáticas de Galicia e factores que as determinan. Uso de webs e aplicacións móbiles. - Rede hidrográfica de Galicia. - Paisaxes naturais galegas. Biodiversidade, ecosistemas, espazos naturais protexidos. Políticas ambientais.

UD	Título da UD	Duración
2	A poboación e os sectores produtivos de Galicia	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Analizar a realidade demográfica galega e a súa evolución histórica, comprendendo os factores que a determinan e a cuestión do avellentamento poboacional, identificando as redes urbanas de Galicia.	Identifica e analiza os problemas demográficos e urbanos, coa metodoloxía que lle é propia.	PE	60
CA1.6 - Identificar o espazo rural e as actividades do sector primario (agricultura e gandaría).	Identifica e coñece as actividades propias no espazo rural, así como a súa modernización agropecuaria de Galicia ao longo do S. XX e a entrada na UE con os PAC.		
CA1.8 - Recoñecer os factores da industria en Galicia, describindo os eixes de desenvolvemento industrial e identificando as liñas mestras da problemática industrial galega.	Analiza e describe as características do desenvolvemento industrial e comercial en Galicia, e explica os problemas e as expectativas principais de desenvolvemento na actualidade.		
CA1.7 - Apreciar a importancia do mar na economía e na sociedade galegas e a industrialización do sector, así como os problemas e as oportunidades da explotación forestal.	Explica e identifica as actividades propias do sector marítimo e forestal, así como a importancia que ten os PPC e a acuicultura para Galicia.	TI	40
CA1.9 - Analizar a terciarización da economía galega, utilizando as fontes dispoñibles na rede, coñecendo as pautas do seu desenvolvemento e os seus sectores.	Explica a incidencia do sector de servizos na economía galega buscando un desenrolo sustentable así como o avance da economía dixital e a globalización.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Paisaxes naturais galegas. Biodiversidade, ecosistemas, espazos naturais protexidos. Políticas ambientais. - A demografía de Galicia. Evolución histórica e realidade actual. - Distribución territorial da poboación. Desequilibrios entre a costa e o interior. Envellecemento e despoboamento rural. - Movementos naturais de poboación. Migracións: razóns estruturais e conxunturais.

Contidos

- Espazo urbano de Galicia. O eixe atlántico, a función das vilas como modelos sostibles.
- O espazo rural e agrario. Transformacións das actividades agropecuarias. Pesca e acuicultura. Política comunitaria: a política agraria común (PAC) e a política pesqueira común (PPC)
- Fontes de enerxía e espazo industrial galego. Proceso de industrialización en Galicia. Sectores industriais en Galicia.
- Terciarización da economía galega. Transportes: eixes de fluxo comercial. Turismo, economía dixital e globalización.

UD	Título da UD	Duración
3	As raíces históricas de Galicia	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Explicar o fenómeno coñecido como romanización, os novos usos sociais e económicos, e a articulación viaria do territorio.	Explica e identifica a globalidade do fenómeno coñecido como a romanización, os novos usos sociais e económicos, e a articulación viaria do territorio.	PE	60
CA3.8 - Analizar as mudanzas baixomedievais: crise demográfica, economía urbana, rol da muller, conflitos sociais e guerras irmandiñas, a pacificación do territorio e a nova administración implantada polos Reis Católicos.	Identifica e analiza as mudanzas baixomedievais salientando a crise demográfica, os conflitos sociais no campo e nas cidades e as guerras irmandiñas.		
CA2.1 - Recoñecer e valorar os procesos máis significativos para a formación histórica da identidade de Galicia, coñecendo a cronoloxía dos feitos culturais da prehistoria galega, as principais estacións arqueolóxicas e as características principais dos achados m	Describe e comprende a evolución da prehistoria e a cultura castrexa e coñece os principais depósitos arqueolóxicos.	TI	40
CA2.2 - Explicar as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e o mundo megalítico.	Explica e identifica as diferenzas entre a estrutura económica, social e cultural do Paleolítico e do Neolítico, analizando o megalitismo en Galicia.		
CA3.1 - Analizar a pegada da monarquía sueva, o seu ámbito territorial e a súa organización, e explicar as circunstancias que a levaron a verse dominada polos visigodos.	Describe as características do reino dos suevos canto a organización política, modo de vida, crenzas e polaridade social.		
CA3.3 - Analizar os fundamentos xeopolíticos da mudante estrutura dos reinos peninsulares en permanente dialéctica con Al-Andalus e o papel representado polo territorio galego.	Explica e analiza a evolución política dos reinos peninsulares e o papel representado polo territorio de Galicia nese proceso.		
CA3.4 - Entender a evolución dos tempos medievais cara ao restablecemento das producións artesanais e os intercambios comerciais, baixo os parámetros dunha sociedade fondamente estamental.	Comenta e describe a evolución económica da Galicia medieval posta en relación coa súa estrutura social.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Comprender a xénese e articulación do Camiño de Santiago e a súa importancia política, social relixiosa e económica.	Explica e analiza a transcendencia do camiño de Santiago na Idade Media europea, sinalando a súa importancia, os diferentes camiños a Compostela e as principais poboacións que atravesan.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Prehistoria de Galicia. Primeiras pegadas do ser humano en Galicia: Paleolítico. Grandes depósitos de Portomaior, Arbo, as Gándaras de Budiño e a cova Eirós en Triacastela. O Home de Cromagnon: depósito de Cova da Valiña en Castroverde. Función da arte pr - O Megalitismo e a Idade dos Metais: dolmen de Axeitos, dolmen de Dombate e lapa de Gargantás. - A civilización romana: a conquista, o proceso de romanización, os trazos principais dos castros romanizados a través do Castro de Viladonga ou do Castro de Baroña. Características principais da cidade romana, o exemplo de Lugo. A arquitectura relixiosa ta - O dominio suevo, avances na cristianización e integración na monarquía visigoda. - A arte prerrománica. Características xerais. A arquitectura visigótica en Galicia: Santa Comba de Bande. - Galicia na Idade Media: Características da sociedade feudal galega, integración no reino astur-leonés; primeira acepción de Galicia como Reino e o seu mantemento honorífico ao longo do Antigo Réxime. Expansión artesanal, comercial e urbana arredor dos cam - Configuraciozn e desenvolvemento da arte romaźnica. Igrexas e mosteiros. Iconografía romaźnica. Santo Estevo de Ribas de Sil, Santa Cristina de Ribas de Sil e Santa Mariźa de Ferreira de Pantoźn. - Primeiro Romaźnico. Basiźlica de San Martinźo de Mondonźedo. - Mudanzas baixomedievais: crise demográfica, economía urbana, conflitos sociais e guerras irmandiñas; pacificación do territorio e nova administración implantada polos Reis Católicos. As mulleres na Idade Media.

UD	Título da UD	Duración
4	As raíces da arte galega e a Arte Medieval en Galicia.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Reconocer as concepciozns esteźticas e as caracteriźsticas esenciais da arte romaźnica en Galicia en relaciozn co contexto histoźrico e cultural da mesma, explicando a funciozn da arte romaźnica e o papel dos mosteiros (Cluny e Cister).	Describe as características e a función das igrexas e dos mosteiros na arte románica. Relaciona o Camiño de Santiago e a súa importancia relixiosa coa arte románica e o desenvolvemento de Santiago.	PE	60
CA3.7 - Reconocer e explicar as concepciozns esteźticas e as caracteriźsticas esenciais da arte goźtica, en relaciozn co seu contexto histoźrico e cultural, estudando o papel das ordes mendicantes.	Describe e analiza as características e a evolución da arte gótica en Galicia e especifica os cambios introducidos respecto á románica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Explicar a función social, ritual, relixiosa e xerarquizadora da arte prehistórica en Galicia, especificando o papel desenvolvido pola sociedade, especialmente no que respecta ao rol da muller nas comunidades prehistóricas.	Describe e especifica a consideración social, xerarquizadora e relixiosa das expresións artísticas da prehistoria en Galicia.	TI	40
CA2.5 - Reconocer as características esenciais das culturas castrexa e romana, relacionándoas co seu respectivo contexto histórico, artístico e cultural.	Describe as características e as funcións dos principais tipos da arquitectura castrexa. Describe as características e as funcións da tipoloxía da arquitectura e a cidade romana.		
CA3.2 - Reconocer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte prerrománica, en relación cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	Define o concepto da arte prerrománica e especifica as súas manifestacións en Galicia. Describe e identifica as características xerais das manifestacións artísticas do prerrománico en Galicia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Prehistoria de Galicia. Primeiras pegadas do ser humano en Galicia: Paleolítico. Grandes depósitos de Portomaior, Arbo, as Gándaras de Budiño e a cova Eirós en Triacastela. O Home de Cromagnon: depósito de Cova da Valiña en Castroverde. Función da arte pr - A cultura castrexa: os castros de Santa Tegra, San Cibrán de Las e Elviña. Escultura e ourivaría castrexa: torque de Burela, casco de Leiro, cabeza de Rubiás e guerreiro de Armeá. - A civilización romana: a conquista, o proceso de romanización, os trazos principais dos castros romanizados a través do Castro de Viladonga ou do Castro de Baroña. Características principais da cidade romana, o exemplo de Lugo. A arquitectura relixiosa ta - A arte prerrománica. Características xerais. A arquitectura visigótica en Galicia: Santa Comba de Bande. - Romañico pleno: catedral de Santiago. Santa Mariña de Cambre, Santa Mariña do Campo, igrexa de Santiago en A Coruña, colexiata de Santa Mariña de Sar, igrexa de Vilar de Donas, San Nicolaés de Portomariñ, catedral de Ourense. Fachada de Praterizas, Po - Tardorromañico. Arquitectura do Císter. San Lourenzo de Carboeiro, mosteiro de Santa Mariña de Oseira e mosteiro de Santa Mariña de Armenteira. - Achega da arte goítica, expresión dunha cultura urbana. Catedral e arquitectura civil. A escultura goítica: poético da catedral de Tui, porta do Colexio de San Xerome e sepulcro de Fernán Peres de Andrade "O Boo". - As ordes mendicantes: San Domingos de Bonaval, San Domingos de Pontevedra e San Francisco de Betanzos.

UD	Título da UD	Duración
5	Galicia no Antigo Réxime (séculos XVI a XVIII)	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Analizar e explicar os cambios estruturais producidos en Galicia durante o Antigo Réxime no contexto peninsular e europeo, describindo as principais institucións galegas da Idade Moderna: Xunta do Reino de Galicia, Real Audiencia, Real Intendencia e conce	Describe e identifica as principais institucións da Galicia do Antigo Réxime, as súas funcións e a súa evolución histórica.	PE	60
CA4.2 - Estudar as características da sociedade estamental galega do Antigo Réxime e a situación social da muller.	Describe e analiza cun relato crítico ás estruturas sociais e a situación social da muller no Antigo Réxime. Describe as características da sociedade estamental galega do Antigo Réxime.	TI	40
CA4.3 - Explicar as peculiaridades do intenso crecemento da demografía galega na Idade Moderna, a pronta superación da crise do século XVII e o forte crecemento experimentado no século XVIII.	Explica e analiza as características da expansión demográfica e económica dos séculos XVII e XVIII, comparándoas co contexto ibérico e europeo da época.		
CA4.4 - Analizar a estrutura xeral do sistema produtivo do Antigo Réxime, de base agraria e economía de subsistencia, explicando as claves de acumulación de capital necesarias para o desenvolvemento comercial e manufactureiro.	Identifica e describe as características do desenvolvemento da economía galega no Antigo Réxime.		
CA4.6 - Analizar a pegada da Ilustración na Galicia do Antigo Réxime, coñecendo as iniciativas protoindustriais (transformacións nos sectores do curtume, a pesca e a metalurxia), o exemplo de Sargadelos, o comercio interior e exterior (intercambios con América) e	Identifica e analiza a economía de base agraria, as manufacturas artesanais e as transformacións industriais. O comercio interior e exterior e o Arsenal de Ferrol. O reformismo e o papel das academias		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O éxito dunha sociedade tradicional: demografía galega no Antigo Réxime. - Actividades económicas: economía de base agraria; a expansión do millo e da pataca, os foros, manufacturas artesanais e iniciativas protoindustriais (transformacións nos sectores do curtume, a pesca e a metalurxia); exemplo de Sargadelos; comercio interio - A sociedade galega durante a Idade Moderna: elites (nobreza absentista e fidalguía rendista), campesiñado, os diversos sectores do clero, comerciantes e artesáns. Formas de vida e mentalidades colectivas dos grupos sociais. O papel da muller. - Institucións políticas do Antigo Réxime: Real Audiencia, Xunta do Reino, corrixidores e intendentes. - Unidade e diversidade do Barroco. Linguaxe artística ao servizo do poder civil e eclesiástico. Barroco compostelán. Urbanismo barroco. Igrexas e pazos. Comentario de obras de arte do barroco en Galicia. Obras de Domingo de Andrade, Fernando de Casas, Simo

UD	Título da UD	Duración
6	Arte na Idade Moderna en Galicia.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Reconocer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Renacemento e do Barroco en relación co contexto histórico e cultural, a unidade e diversidade do Barroco e o uso da linguaxe artística ao servizo do poder civil	Explica, identifica e analiza as características esenciais da arte do Renacemento en Galicia e a súa periodización. Explica, identifica e analiza as características da arte Barroca en Galicia.	PE	100
CA4.7 - Reconocer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais do Neoclasicismo e a influencia do pensamento ilustrado na arte.	Explica e analiza as razóns do xurdimento do Neoclasicismo e as súas características xerais: o foco compostelán. O urbanismo academicista a través do Arsenal de Ferrol.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A arte renacentista. Patróns e artistas. Iconografía na arquitectura do século XVI. Comentario de obras de arte do renacemento en Galicia. Colexio de Nosa Señora da Antiga de Monforte, Hospital Real de Santiago e Pazo de Fonseca. Estatuas da fachada do m - Ilustración en Galicia: ensino, ciencia, pensamento e cultura letrada. O Padre Feijoo e Frei Martín Sarmiento. - Neoclasicismo. Enxeneiros técnicos na arquitectura do neoclasicismo en Galicia, o arsenal de Ferrol. Estilo academicista. Comentario de obras de arte do Neoclasicismo en Galicia. Obras de Domingo Lois Monteagudo. Pazo de Raxoi, fachada da Acibechariça,

UD	Título da UD	Duración
7	Galicia no S.XIX	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Caracterizar as grandes correntes ideolóxicas e os movementos sociopolíticos que propiciaron a evolución histórica da Galicia contemporánea, desde unha sociedade rexida baixo o predominio dos grupos sociais tradicionais ata o triunfo do liberalismo.	Identifica e describe os principios ideolóxicos e os problemas que influíron na evolución da organización política da sociedade galega do S. XIX.	PE	60
CA5.2 - Explicar a arquitectura do proceso político e institucional ideado por Cánovas del Castillo e a súa aplicación en Galicia, as súas fortalezas e debilidades e os rasgos esenciais do Rexurdimento.	Describe e analiza o funcionamento real do sistema político da Restauración.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Describir as dificultades do tránsito dunha economía e unha estrutura demográfica tradicionais cara á modernidade, estudando as características da industrialización, da expansión comercial e da modernización agraria na Galicia contemporánea e os conflitos	Describe e analiza os procesos desamortizadores en Galicia e as características da evolución económica de Galicia no século XIX.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Absolutistas e liberais: guerra contra Francia; o papel da Igrexa. O problema carlista e a expansión do liberalismo nas cidades durante o reinado de Fernando VII. Implantación da nova estrutura político-administrativa e institucional do Estado liberal en - O difícil tránsito da sociedade e a demografía galega cara á modernidade: esgotamento do complexo agrario e crise das manufacturas domésticas na primeira metade do século XIX; desaxustes demográficos e comezos da emigración masiva a América. - O desigual balance do proceso desamortizador. Permanencias no mundo rural e os cambios lentos nas vilas e cidades: devalar das vellas elites rurais e formación dunha pequena burguesía comercial de orixe foránea. - Galicia na Restauración: as quendas e o fenómeno do caciquismo. Redes clientelares dos partidos dinásticos como mecanismo de exercicio do poder; organizacións políticas dos novos grupos sociais; mobilización agrarista do campesiñado. - O neoclasicismo. Enxeñeiros técnicos na arquitectura do neoclasicismo en Galicia. Estilo academicista. - Galicia no camiño da modernización (1874-1936). Unha sociedade en cambio: evolución demográfica e éxodo ultramarino; características e consecuencias da emigración de retorno. Auxe da burguesía industrial e comercial; proletarización do campesiñado; desapa - Crise do sistema político da Restauración. Evolución política de Galicia desde o Rexionalismo ata a xeración das Irmandades: organizacións políticas; autonomismo, Estatuto de 1936. O Nacionalismo galego: Afonso Daniel R. Castelao. Polarización da sociedade

UD	Título da UD	Duración
8	Galicia no primeiro terzo do S.XX (1900-1936)	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Comprender a evolución política de Galicia durante a Segunda República e o comezo da Guerra Civil, analizando os cambios acaecidos no rol social e institucional da muller no período republicano.	Analiza e identifica a ideoloxía das forzas políticas e a evolución política e de Galicia durante a II República,. Describe a lexislación republicana con as leis que favoreceron a igualdade.	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Describir as dificultades do tránsito dunha economía e unha estrutura demográfica tradicionais cara á modernidade, estudando as características da industrialización, da expansión comercial e da modernización agraria na Galicia contemporánea e os conflitos	Describe e analiza as características da evolución económica e social na Galicia do primeiro terzo do S.XX, e os conflitos sociopolíticos derivados deses cambios estruturais.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Galicia no camiño da modernización (1874-1936). Unha sociedade en cambio: evolución demográfica e éxodo ultramarino; características e consecuencias da emigración de retorno. Auxe da burguesía industrial e comercial; proletarización do campesiñado; desapa - Crise do sistema político da Restauración. Evolución política de Galicia desde o Rexionalismo ata a xeración das Irmandades: organizacións políticas; autonomismo, Estatuto de 1936. O Nacionalismo galego: Afonso Daniel R. Castelao. Polarización da sociedade

UD	Título da UD	Duración
9	Galicia durante a Guerra civil e o Franquismo. (1936-1975).	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - Caracterizar a realidade da etapa dos plans de desenvolvemento coas súas transformacións económicas e sociais e estudando o papel da muller na etapa franquista.	Describe e analiza a pegada das políticas de desenvolvemento en Galicia: transformacións económicas e sociais, salientando o papel da muller, e as consecuencias dos plans de desenvolvemento.	PE	60
CA5.5 - Coñecer as características esenciais da posguerra e a economía autárquica propia do primeiro franquismo.	Analiza e describe a posguerra: fame, racionamento e estraperlo; consecuencias económicas e sociais da política autárquica durante o primeiro franquismo.	TI	40
CA5.7 - Analizar o Tardofranquismo estudando a inestabilidade política, os apoios e as oposicións ao réxime.	Identifica e analiza as características do franquismo na súa evolución no tempo, especificando as transformacións políticas, económicas e sociais que se produciron		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Posguerra: fame, racionamento e estraperlo; consecuencias económicas e sociais da política autárquica durante o primeiro franquismo. - Anos do desenvolvemento: transformacións económicas e sociais; consecuencias dos plans de desenvolvemento en Galicia. Tardofranquismo: inestabilidade política, apoios e oposición ao réxime. A muller na etapa franquista.

UD	Título da UD	Duración
10	Galicia na transición e a Democracia. (1976-2022)	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.9 - Describir o proceso autonómico en Galicia, identificando as características do Estatuto de Autonomía no marco da Constitución de 1978, analizando a estrutura e os principios que regulan a organización política e territorial do Estado español nas comunidades	Analiza e describe as mudanzas estruturais na construción dunha sociedade democrática, participativa e comprometida coa preservación da nosa identidade cultural e da riqueza ambiental	PE	60
CA5.10 - Coñecer o impacto do ingreso na Unión Europea en Galicia, as súas fortalezas e as súas debilidades.	Analiza e explica o marco institucional e internacional da Galicia actual, valorando a democratización, o desenvolvemento económico e o estado do benestar alcanzados desde os anos 80 do pasado século	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A realidade galega actual: proceso autonómico e consecución do Estatuto no contexto da transición á democracia en España. Evolución política da Galicia autonómica; construción dunha administración propia desde 1977 á actualidade. - Integración na Unión Europea e novos retos sociais e económicos: consecuencias estruturais para os sectores produtivos e para a sociedade galega. Cambios sociais, económicos e culturais: construción do Estado de benestar e posta en valor dos propios recur

UD	Título da UD	Duración
11	Arte na Idade Contemporánea en Galicia.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.8 - Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura e as artes plásticas nos séculos XIX e XX en Galicia.	Describe e analiza os procesos de configuración e os trazos esenciais da arte en Galicia nos S.XIX e XX. Identifica, analiza e comenta as obras máis representativas da arte galega dos S.XIX e XX.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Arte galega do século XIX: arquitectura do século XIX. Impacto dos novos materiais: historicismo e eclecticismo. Obra de Jenaro de la Fuente. Nacemento do urbanismo moderno. Homoxenización de modelos e creación dos barrios obreiros. Escultura do Rexurdime

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Arquitectura do Século XX en Galicia. Renovación da linguaxe arquitectónica: funcionalismo do movemento moderno e arquitectura orgánica. Fenómeno das vangardas nas artes plásticas en Galicia. Vangardas e novos medios: a fotografía e o cine en Galicia. Com - Escultura do século XX en Galicia: obras de Francisco Asorey, Xosé Eiroa, Xoaquín Pinheiro, Camilo Otero, José Mariña Acuña, Eduardo Parrado e Cristino Mallo. - Pintura do século XX en Galicia. Obra pictórica de Colmeiro, Laxeiro, Arturo Souto, Fernando Álvarez de Sotomayor, Luis Seoane, Eugenio Granell, Tino Grandizo, Mariña Antonia Dans, Maruxa Mallo, Manuel Abelenda, Isaac Díaz Pardo, Menchu Lamas, Francis

UD	Título da UD	Duración
12	O Patrimonio cultural de Galicia.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Coñecer o concepto de patrimonio cultural de Galicia e a súa categorización.	Describe, exemplifica e analiza o concepto e a importancia da protección do patrimonio cultural en Galicia.	PE	60
CA6.2 - Entender e valorar os principios de conservación, posta en valor, fomento e difusión dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia.	Describe e analiza as creacións do patrimonio cultural en Galicia, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que hai que conservar.	TI	40
CA6.3 - Coñecer as liñas fundamentais de posta en valor do patrimonio cultural galego e valorar o seu significado e implicacións socioeconómicas.	Explica e analiza as concepcións estéticas e as características esenciais do patrimonio cultural en Galicia, valorando a súa función social, especificando o papel da sociedade e as súas relacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O patrimonio cultural en Galicia. Principios esenciais da normativa específica sobre o patrimonio cultural de Galicia. Patrimonio material e inmaterial. Os bens declarados de interese cultural e as súas categorías. O Rexistro de bens de interese cultural - A conservación, posta en valor, fomento e difusión dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia: axentes, problemática e logros. - Os camiños de Santiago. O Sistema galego de museos. O Plan de catedrais. Parques e centros arqueolóxicos (intervención en castros, dolmens e petróglifos). O patrimonio industrial. Bens patrimonio da UNESCO.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía ten que ser variada e axeitada ás características e aos ritmos de aprendizaxe do alumnado, debe ser tamén activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o colaborativo do alumnado, co fin de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia a situacións reais e aos estudos posteriores.

Dado que as competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado, as situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento nesta materia de Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia, incorpora tarefas que contextualizan as aprendizaxes e que permiten avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Será unha metodoloxía dirixida a implicar ao alumnado na aprendizaxe para que adquiran as habilidades que lles permitan construír os seus propios esquemas explicativos para comprender o mundo no que viven, construír a súa propia identidade, que poidan interactuar en situacións variadas e para que continúen aprendendo.

En definitiva, na aula combinarase a explicación teórica por parte do profesorado á hora da presentación da problemática xeral dos procesos e realidades a explicar (mapas conceptuais, fotografías, presentacións, vídeos, textos, mapas, gráficas, estatísticas) cunha metodoloxía baseada no sistema de reconstrución, é dicir, o alumnado elaborará os contidos a partir dos materiais de traballo (libro de texto ou os materiais diversos proporcionados/apuntados polo profesorado) nunha tarefa cotiá dirixida e orientada polo profesorado. Con isto intentárase evitar unha excesiva memorización de contidos, pero sen renunciar, como complemento, a unha aprendizaxe significativa.

Pola súa parte, o profesorado despregará os recursos didácticos necesarios que permitan desenvolver os contidos propios da materia, relacionados coas competencias clave e cos criterios de avaliación, para poder acadar así os obxectivos do currículo. O profesorado deberá buscar situacións próximas ao alumnado para que este poida aplicar en diferentes contextos os contidos dos saberes básicos que conforman cada unha das competencias clave. Crear contextos e situacións que representen retos para o alumnado, que os invite a cuestionarse os seus saberes actuais, que os obrigue a ampliar a súa perspectiva e a contrastar o seu parecer, a xustificar e a interpretar con rigor.

Para poñer en práctica o dominio dos contidos básicos das Ciencias Sociais o alumnado levará a cabo traballos de investigación de maneira individual ou grupal.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto, físico ou dixital
Apuntamentos profesorado
Blog do profesorado
Aula Virtual do centro
Portfolio do alumnado
Material fotocopiabile
Presentacións interactivas por medio de Apps
Material audiovisual
Gamificación
Novelas históricas, novelas gráficas

Para o desenvolvemento desta materia se empregará a principalmente a aula virtual co curso da presente materia. Alí hai recursos de toda índole. Os materiais son os que o docente Pablo Alonso de Vega, que imparte a materia, elaborou para o bacharelato a distancia do IES San Clemente contratado da Consellería.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de clase, destinada a comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e coñecementos previos.

A proba inicial ou diagnóstica realizarase ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes.

Un instrumento desta Avaliación pode ser unha proba inicial que pode constar dos seguintes apartados:

- Competencia lectora: actividades relacionadas coa comprensión de textos escritos.
- Conceptos e expresión escrita: cuestións sobre aspectos básicos de Xeografía e/ou Historia, que ademais permitirán avaliar a coherencia e a corrección gramatical e ortográfica.
- Elaboración de sínteses ou esquemas, mapas conceptuais..., que permitan coñecer se o alumnado domina eses procedementos tan básicos en esta área.

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información adicional sobre o punto de partida do alumnado cara o tema que se vai a comezar a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais nos posibilita definir a didáctica e metodoloxía para abordar a unidade e chegar aos distintos ritmos de aprendizaxe.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as posibles confusións e incorreccións que o alumnado ten sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.

Dita proba inicial realizarase dependendo de cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, brainstorming, debates, visionados de material audiovisual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	5	10	5	10	10	10	10
Proba escrita	60	60	60	60	60	100	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	0	40	40	40	40

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	100
Proba escrita	100	60	64
Táboa de indicadores	0	40	36

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación faranse en función da lexislación vixente e dos criterios establecidos entre o profesor que imparte eses cursos e acordo co resto dos membros do departamento.

Os criterios de cualificación para as avaliacións serán os seguintes:

Probas obxectivas:

I Todas as preguntas, textos, mapas, etc., irán numerados e indicarse a valoración de cada un.

I textos escritos, terase moi en conta a corrección na escrita (léxico, gramática, ortografía, orde, limpeza...). A corrección na expresión escrita (léxico, gramática, ortografía, orde, limpeza) será condición necesaria para poder optar a cualificación de notable ou sobresaliente nas correspondentes rúbricas de avaliación detalladas na presente programación.

A presente materia ten dúas opcións para obter unha avaliación positiva:

1-Unha proba escrita sobre os contidos da materia. Valdrá o 100% da nota da avaliación neste caso.

2-A cualificación se obterá a través da media aritmética dos traballos propostos polo docente en cada avaliación. Dependendo das características do traballo se informará previamente do peso porcentual de cada un deles.

As probas serán:

Probas orais:

Terase en conta a capacidade discursiva, a súa coherencia e a linguaxe utilizada, así como o grao de coñecementos e o seu desenvolvemento. Neste sentido a corrección na expresión oral e discursiva será condición necesaria para poder optar a cualificación de notable ou sobresaliente nas correspondentes rúbricas de avaliación detalladas na presente programación.

Traballos.

· No caso de traballos na aula, terase en conta a realización dos exercicios e actividades ordenados, a presentación do caderno de clase, as preguntas que se formulan.

· No caso de traballos individuais valoraranse aqueles de carácter extraordinario. Terase tamén en conta a calidade dos textos e das ilustracións.

· No caso de traballos en grupo, ademais de valorar o mesmo que nos traballos individuais, terase en conta tamén a participación de cada membro do grupo.

En canto aos mínimos esixibles na presentación de traballos escritos, os criterios que se seguirán serán os seguintes:

· Cumprir o prazo de entrega.

· Presentar un traballo pulcro, usando unha letra clara e lexible.

· Gardar as marxes e estruturar o texto en parágrafos.

· Unir con grampas ou clips as follas se a extensión do traballo é de máis dun folio.

· Non usar o "cortar e pegar". O traballo debe reflectir que lemos, comprendemos e sabemos expresar o contido do lido. Revisar a ortografía e puntuación antes de entregalo.

· Empregar un rexistro lingüístico formal e culto, esfórzanse por empregar a terminoloxía específica das Ciencias Sociais.

· Citar correctamente, no seu caso, a bibliografía e/ou as fontes consultadas e utilizadas na elaboración do traballo, especificando tamén a autoría e procedencia do material que achegamos en forma de imaxes, etc.

O alumnado que sexa sorprendido copiando nunha proba escrita:

1- Recibirá unha amonestación por escrito, que será comunicada á Xefatura de Estudos e á familia para que se aplique a normativa vixente no centro.

2- Igualmente será retirada a proba escrita levando un 0 na mesma e o alumnado terá dereito á recuperación da proba nas datas fixadas a tal efecto polo profesorado, de tal maneira que esta conduta non altere o normal desenvolvemento da programación e das clases á que ten dereito todo o alumnado.

-Avaliación ordinaria.

Para ter unha avaliación positiva terá que acadar como mínimo un 5 dependendo da opción escollida polo alumnado. Para acadar unha avaliación positiva a fin de curso terá que obter un 5 de media nas tres avaliacións.

As recuperacións serán as determinadas polo seu profesorado. Estas probas ou traballos de recuperación, no caso de ser o caso, poderán ter lugar despois de cada avaliación ou ao final de curso a modo de suficiencia.

-Avaliación extraordinaria.

Na lexislación vixente está previsto un exame extraordinario para o alumnado (non se farán traballos para esta avaliación extraordinaria) que non acade cualificación positiva na convocatoria ordinaria. Na data da extraordinaria que acorde o centro realizárase un exame escrito, sendo necesario obter unha nota mínima de 5 para superalo. O alumnado que nesa convocatoria non acade unha cualificación positiva, levará a materia pendente.

Sistema de redondeo: Se poñerá a nota natural seguinte se acada o 0,5 decimal: exemplo 4,5 é un 5, o 6.5 e un 7.

Criterios de recuperación:

- O alumnado que ao longo do curso non acaden os obxectivos reflectidos nesta programación poderán realizar exames de recuperación. Estes exames realizaranse segundo o criterio do Departamento que imparte a materia, aínda que preferentemente ao final da terceira avaliación, tendo dereito á realización dos mesmos o alumnado que teña unha ou como máximo dúas avaliacións suspensas.
- A nota que obteña na recuperación será a que computa para a final da avaliación ordinaria.
- Poderán facer voluntariamente o exame de recuperación o alumnado que desexe obter máis nota da obtida na avaliación ordinaria, no caso de non superala mantense a obtida na avaliación.
- O exame da avaliación extraordinaria será o mesmo para todos os grupos co fin de homoxeneizar os niveis e coordinar a materia impartida polos diferentes profesores.
- Actividades de reforzo e de ampliación: Despois da realización das probas da avaliación ordinaria (datas indicadas no calendario escolar) e durante o tempo entre elas e a proba extraordinaria, realizaranse actividades de reforzo e ampliación segundo o caso. O profesorado poderá ofrecer explicacións dos contidos e diferentes tipos de exercicios ou actividades que intenten solucionar o déficit do alumnado na materia.
- O alumnado e as súas familias serán informados destes criterios de cualificación. Na cortiza da aula, na web do centro e na aula virtual de cada grupo, o profesorado engadirá os criterios. Tamén explicaránse de viva voz nas aulas ao inicio do curso e procurarase que o alumnado os comprendan. En canto ás familias poderan acudir a páxina web do centro ónde se publicará esta programación.

6. Medidas de atención á diversidade

Para atender as diferenzas entre o alumnado das materias do departamento contémpanse tres tipos de medidas ordinarias nos tempos e espazos das aulas habituais:

- Adaptación dos instrumentos de avaliación en forma de actividades de reforzo para o alumnado que teñan grandes dificultades para acadar o grao mínimo de consecución dos contidos.
- Adaptación dos instrumentos de avaliación en forma de actividades de ampliación para o alumnado que manifesten unha grande capacidade na aprendizaxe dos contidos.
- Adaptación das metodoloxías de ensino-aprendizaxe en forma de traballo colaborativo entre alumnado con grao heteroxéneo de desenvolvemento de capacidades de modo que parte do alumnado que avance con máis facilidade poida titorizar a aqueles ou aquelas que precisan algún tipo de reforzo.

Debido á importancia que teñen as actividades de reforzo e ampliación dentro das medidas de atención á diversidade, haberá un amplo conxunto destas para poder atender individualmente a cada alumno en función do seu nivel. Para a elaboración das actividades haberá unha estreita colaboración entre o Departamento no seu conxunto, cada un dos docentes e o Departamento de Orientación do centro.

-As actividades de reforzo permiten aos alumnos con dificultades de aprendizaxe alcanzar os obxectivos fixados para todo o grupo e as destrezas e contidos mínimos precisas para unha avaliación positiva, polo que plantexaremos para cada unidade didáctica unha serie de tarefas individuais sinxelas ou descompostas nos seus pasos fundamentais. Desta maneira, os alumnos poderán acadar de maneira máis doada a adquisición dos contidos, ao mesmo tempo que se facilita a avaliación dos mesmos por medio de rúbricas obxectivas e cuantificables numericamente. Empregaranse actividades como as definicións de vocabulario básico, esquemas, resumos, mapas conceptuais, exercicios nos que deberán completar textos ou imaxes, etc.

-As actividades de ampliación serán, pola súa banda, aquelas que permiten a profundización nos contidos de cada unidade didáctica a aqueles alumnos que realizaran adecuadamente todas as actividades propostas e que superaran con certa facilidade os obxectivos fixados. Ao igual que sucede co reforzo, as tarefas destinada á ampliación serán avaliadas por medio de rúbricas obxectivas e cuantificables numericamente, onde se fixará o grado de adquisición de competencias e contidos. Estas actividades plantexaranse ben buscando un nivel de execución máis complexo, ben explorando aspectos non analizados ao longo da unidade didáctica pero relacionados coa mesma, ou ben

realizándoas cun maior grado de autonomía, segundo cada docente considere máis adecuado. Para isto levaranse a cabo tarefas como a procura de información en fontes diversas, a redacción de textos de certa complexidade (análise e comparación de feitos ou procesos, composicións históricas ou artísticas...), etc.

Cabe diferenciar entre medidas ordinarias e extraordinarias. A nivel de centro contémplanse os agrupamentos como unha medida extraordinaria de atención á diversidade pero o departamento ten que ter en contra outras medidas ordinarias para atender á diversidade como son: adaptación dos tempos e instrumentos e procedementos de avaliación, programas específicos personalizados, metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión ou mesmo a adecuación das programacións didácticas. Sempre, iso si, en colaboración co Departamento de Orientación e as súas indicacións como sinalamos anteriormente.

-Alumnado con necesidades educativas especiais

O Departamento, en coordinación co Departamento de Orientación, establecerá as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren ao alumnado con necesidades educativas especiais o seu adecuado progreso. Realizaranse as adaptacións curriculares que se aparten significativamente dos contidos e criterios de avaliación do currículo. Ditas adaptacións cumprirán o procedemento de autorización determinado pola Consellería de Educación.

